

LEITE. Logística Alimentaria volve deixar impagos coa empresa TeGestacín ▶ 3

VACÚN DE CARNE. Os becerros anellos de Tenreira Galega poderán chegar a doce meses ▶ 9



VIÑO Reportaxe de investigación
Xogando ao Monopoly coa viticultura galega: Grandes capitais desembarcan nos nosos viñedos ▶ 4 a 8

FOUCE

Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano XLV - N° 326 - Maio-Xuño 2019

O SLG BUSCA SOLUCIÓNS AOS PROBLEMAS DA NORMATIVA NAS PRODUCCIÓNS ARTESANAIS



Os días 5 e 6 de xullo, o Sindicato Labrego Galego acolleu en Compostela o obradoiro europeo *Trans-formación alimentaria e producións labregas: Superando as barreiras de xeito colectivo*. A intención era analizar os problemas xerados pola normativa hixiénico-sanitaria nas producións artesanais de alimentos. O evento enmárcabase no Proxecto BOND e nel tamén participaron a COAG do País Valencià, a Universidade de Córdoba e a FAO. ▶ 10 e 11

As Xornadas de Granxas Abertas consolídanse na formación da mocidade

Nos últimos meses, a Mocidade do SLG celebrou a segunda e terceira edición das Xornadas de Granxas Abertas que, nesta ocasión, serviron para coñecer de preto proxectos agroecolóxicos nos concellos de Chantada e Allariz como Tres Fociños, Casa do Neiro, Adega Diego de Lemos, Iago Vilar, Mimá ou Fóra do Linde. ▶ 20



A ONU pon en marcha o Decenio da Agricultura Familiar coa implicación das organizacións de La Vía Campesina ▶ 20 e 21

MONTES Unha fronte ampla presenta o manifesto “Por un monte con futuro” en demanda dunha viraxe radical da política forestal na Galiza ▶ 12 e 13

AXUDAS O SLG denuncia no Consello Agrario a posibilidade de que Galiza perda as agroambientais por falta de dotación orzamentaria ▶ 16

INCENDIOS Medio Rural rompe o seu compromiso de crear unha Mesa do Traballo dos Lumes Forestais ▶ 13



séguenos en

www.sindicatolabrego.com

e tamén en

[facebook](#)

[twitter](#)

O 26 de maio celebrábanse as eleccións municipais en todos os concellos do Estado e tamén nos 315 galegos. A administración máis achegada á cidadanía bota a andar cunha nova xeira na que houbo unha boa mancha de cambios de cor política e de caras nos gobernos municipais ás que nos teremos que afacer, cando menos, até 2023.

A agricultura adoita ser un dos temas estrela das campañas electorais nas zonas rurais. A todos os políticos e a todas as políticas éncheselles a boca con promesas electorais decotío vagas, con slogans que non deixan de ser frases baleiras, sempre coa intención de seren máis rurais cá opción contraria, pero con pouco ou nada de contido real. Tamén, decotío, todas esas promesas e bonitas palabras gárdanse nun caixón até as seguintes eleccións para que todo siga igual. E seguir igual significa continuarmos cunha tendencia que supón peche de granxas, abandono, desemprego, desertización, envellecemento, etc.

Porén, non sempre é así. A experiencia demostra que se poden desenvolver políticas determinantes para estimular o medio rural e os diversos sectores agrogandeiros dende os propios concellos. E isto a pesares de que as políticas agrarias veñen determinadas pola Unión Europea e por Madrid; e a pesares tamén de que do Goberno de Feijóo non se agarda absolutamente nada neste senso máis alá dun xeneroso e milionario reparto de axudas entre as empresas amigas.

Si, a pesares das políticas europeas e estatais e da carencia de políticas na Galiza, dende os concellos pódese facer moito. Quizais un dos máximos expoñentes deste bo facer, polos anos de continuidade e o éxito das súas accións a prol do rural, sexa o Concello de Allariz. Dende que o BNG comezou a gobernar en 1989, Allariz desenvolveu unhas políticas de desenvolvemento rural e de xestión do territorio exemplares. No último Foro Labrego de Agroecoloxía, celebrado precisamente na vila alaricana, o concelleiro Bernardo Varela explicounos

EDITORIAL

Construíndo rural dende os concellos

moitas das accións de goberno que se consolidaron ao longo dos anos: apoio á instalación de mozos e mozas que queren traballar a terra; cesión e mobilidade de terras; xestión do territorio a través do pastoreo e introdución da gandería nos montes veciñais; creación da marca “Boi de Allariz”; posta en marcha da Escola Galega de Apicultura ou do Mercado da Reserva da Biosfera; apoio á transformación de produtos primarios como queixo de ovella, fariña de castaña, cervexa artesanal, xeados, marmeladas, licores, etc. (ver Fouce 322).

Sen dúbida, Allariz é un espello no que mirarse para calquera equipo de goberno municipal que queira levar a cabo políticas de desenvolvemento rural, pero non é o único. Hai accións de goberno moi positivas por toda Galiza e, moitas veces, abonda con que os concellos non entorpezan a iniciativa de asociacións e colectivos con boas ideas e apoien cos seus recursos, aínda que sexan escasos, estas experiencias. O Mercado Entre Lusco e Fusco, en Compostela, xa é un referente na capital galega para a comercialización de produtos locais e ecolóxicos dende o ano 2010 grazas á cesión dun espazo público como os xardíns de Belvís; outro tanto se pode dicir do Mercado da Terra, en Lugo, onde os labregos e labregas que lle dan vida contan coa cesión dunha área propia na Praza de Abastos de Quiroga Ballesteros. Cunha implicación municipal máis activa e a colaboración do SLG, o Mercado do Alimento Labrego de Teo vén de celebrar o seu sétimo aniversario o pasado mes de xuño.

Neste Fouce falamos tamén do labor pioneiro da Asociación Galega da Froita Autóctona no Eume, que lle deu un pulo importantísimo ao seu labor grazas á ce-

sión dunha finca por parte do Concello de San Sadurniño por un período de trinta anos na que se puxo en marcha a Horta de Conservación Carlos Fornos, con 180 parellas de froiteiras autóctonas da bisbarra; ou a consolidación da Feira Rural que se celebra en agosto. Tamén, na segunda edición do Foro Labrego de Agroecoloxía, coñecemos experiencias como a do Concello de Ames que fornece os comedores escolares con alimentos ecolóxicos e locais a través da Asociación Lentura; ou a Escola A Caracola, dependente do Concello da Coruña, que fai outro tanto (ver Fouce 317).

Máis iniciativas municipais salientables témolas en Manzaneda, onde grazas á dinamización do concello xurdiron experiencias como a de Amarelante coa recuperación da economía da castaña nos soutos tradicionais (Fouce 314); ou o Proxecto DaquiDarrador, promovido polo Concello de Brión, Deputación da Coruña e GDR Terras de Compostela, que está a activar espazos colaborativos como un matadoiro móbil ou unha cociña comunitaria orientada á transformación de produtos agrarios (ver Fouce 322).

Obviamente, estas non son as únicas experiencias en positivo que se desenvolveron ou están a desenvolver na Galiza dende o ámbito local e, por desgraza, son maioría os concellos que carecen de políticas propias de desenvolvemento rural. Pero, aínda que esa sexa a tónica dominante, todos estes proxectos e accións demostran que dende cada concello se poden levar a cabo políticas agrarias e de apoio aos sectores primarios que suplan a falta de iniciativa da Xunta ou consoliden alternativas ao modelo produtivista e neoliberal que se impón dende Madrid e Bruxelas.

Tódolos contidos deste periódico publicanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual



FOUCE

EDICIÓN
Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servizos Agrarios e Contables SL

COORDINACIÓN
Xosé García Rodríguez

CONSELLO EDITORIAL:
Isabel Vilalba Seivane, Xabier Gómez Santiso e Conchi Mogo.

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Xosé García Rodríguez

COLABORACIÓN
Mónica Branco, María Ferreiro, Conchi Mogo, Margarida Prieto Ledo e Henrique Outes

PECHE DE EDICIÓN 12-07-2019

ENDEREZO
Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela
981 554 147
prensa@sindicatolabrego.com
www.sindicatolabrego.com

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Meixonfrío, Compostela. ☎ 981 554 147
COMPOSTELA Idem Nacional. ☎ 981 588 532
MELIDE Contactar co ☎ 686 936 429
ARZÚA Piñeiral 12, 2º esq. ☎ 981 508 177
SANTA COMBA Aula 9 do Edificio Multiusos. ☎ 699 924 632
ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908
BETANZOS Cruz Verde 7, esquina praza Dona Agueda. ☎ 981 773 377
TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781
MOECHE Casetas da feira de Moeche. ☎ 698 125 154

VALDEORRAS Rúa Eulogio Fernández 3, entrecán, local 2. ☎ 616 504 487
RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230
XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547
LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154
SARRIA Bar Parisien. Calvo Sotelo 180. ☎ 604 027 886
CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804
A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 698 157 379
BECERREÁ Restaurante Boavista. Eulogio Rosón 23. ☎ 604 027 886
RIBADEO Av. Calvo Sotelo 3, 1ºE. ☎ 982 130 615

LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 982 121 376
VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira. ☎ 982 512 431
MEIRA Avenida de Lugo 47-49. Edif. Miño, ent. E. ☎ 982 331 714
A ESTRADA Rúa 100, baixo 1. ☎ 986 573 232
LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268
PONTEAREAS Av. Galicia. Edif. Costa Gallego 16. Entrecán, of. 6 ☎ 986 641 508
O ROSAL Ramón Franco, Edif. Rosales. ☎ 986 625 394
O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia). ☎ 699 924 630

LEITE ▶ A Consellaría de Medio Rural segue sen facer nada para impedir que calquera empresarios empresario con antecedentes morosos siga operando no mercado

O SLG denuncia impagos de Logística Alimentaria a través da empresa TeGestacín

A empresa dos Sangiao autoexculpouse, pero hai granxas ás que a comezos de xuño se lles debían dous meses de entregas

No mes de xuño, volvemos saber que varios primeiros compradores do sector lácteo están volvendo incorrer en impagos ás granxas que lles fornecen. Entre estas empresas morosas que lles deben mensualidades ás explotacións atopáranse Lácteos Ortegá, Logística Alimentaria, Ogeid ou Clea.

A empresa Logística Alimentaria, rexentada pola familia Sangiao e cun amplo historial de impagos con Lácteos Tambre, chegou a emitir un comunicado autoexculpándose destas acusacións e afirmando que “*dende 2018 non compra leite no campo, centrando a súa actividade na transformación industrial*”. Porén, esta afirmación non é de todo certa, xa que Logística Alimentaria segue mercando leite a través da empresa TeGestacín SL. Dende o Sindicato Labrego contactamos con granxas que, a comezos de xuño, acumulaban entre un e dous meses de impagos de TeGestacín; estas explotacións denuncian que os atrasos nos cobros son tamén frecuentes. Desta vez, a escusa para non pagar baseábase en que un virus informático impedía abonar os pagos pendentes.

O equipo xurídico do SLG valorou estudar unha posible demanda xudicial contra a empresa con sede en Outeiro de Rei se non resolvía axiña ese “virus informático” que lle impedía cumprir as súas obrigas coas granxas. Pero, antes de ter que chegarmos á vía xudicial, a Consellaría de Medio Rural de-



bería facer o seu traballo e mediar de maneira inmediata entre as empresas morosas e as granxas para resolver canto antes estes impagos que poñen en perigo a liquidez e economía das familias labregas afectadas.

Áriba, protesta do SLG diante da sede de Logística Alimentaria, en Outeiro de Rei, no ano 2015. Abaixo, páxina web de TeGestacín SL na que fala da súa pertenza á empresa da familia Sangiao



A Xunta é a primeira responsable de que empresarios condenados sigan operando

Máis alá dos impagos, dende o Sindicato Labrego Galego volvemos reiterar a nosa demanda á Consellaría de Medio Rural para que regule un sector no que parece ser que, coa súa complicidade, se pode delinquir impunemente.

En primeiro lugar, consideramos que o feito de que siga a haber primeiros compradores que teñen deixado impagos, algúns mesmo condenados por iso como a familia Sangiao con Lácteos Tambre, sigan operando no mercado lácteo, é responsabilidade directa da Xunta de Galicia. O SLG leva máis dunha década pedindo que se regule a actividade dos primeiros compradores; en concreto, que a Administración lles esixa o depósito de avais ou outro tipo de garantías que cubran

posibles impagos, e que exista unha vía de reclamación rápida e efectiva para as granxas que sufran a morosidade poidan ingresar o antes posible os cartos que lles deben.

Ademais, deberíase denegar a licenza para mercar leite a aquelas empresas ou persoas que teñan sido condenadas por impagos. Non é de recibo que empresarios como David López arruinase primeiro cooperativas como Xertigan, e que despois poida seguir con presuntas prácticas fraudulentas e impagos coa empresa Lácteos Ortegá coma se nada; ou que a familia Sangiao, tras varias sentenzas condenatorias, disolvase Lácteos Tambre e seguise operando no mercado con Logística Alimentaria e, agora, con TeGestacín SL.

VIÑO ► Presidentes de clubs de fútbol, magnates inmobiliarios, directores de cine, diseñadores de moda ou multinacionais: o viño galego, en especial os brancos de uva albariña de Rías Baixas, están no punto de mira dos grandes capitais. Decotío, son vistos como un bo nicho de mercado para investir e facer negocio, especialmente para compañías que xa posúen unha forte rede comercial na que vender un produto que cada vez está a acadar máis prestixio. Mais este boom ten sombras: concentración da produción cada vez en menos mans, especulación urbanística, prezos de viñado propios da burbulla inmobiliaria, acaparamento de terras e subvencións por grandes empresas moitas veces foráneas, abandono da viticultura colleiteira... Analizamos isto e moito máis nesta reportaxe de investigación de Fouce.

Xogando ao Monopoly coa viticultura galega

No mes de xuño saltaba unha nova que comeza a ser cotiá no mundo vitivícola galego: un grupo empresarial foráneo entraba en Galiza para mercar adegas asentadas nalguna das nosas denominacións de orixe. Neste caso, a adega Pago de Carraovejas, de Ribera del Duero, mercaba as adegas de Viña Mein e Emilio Rojo, n'O Ribeiro. Mentres que a primeira delas é unha adega ben dimensionada, con 16 hectáreas de viñedos nas ladeiras do Avia, San Clodio e Gomariz; a segunda é un coidado proxecto colleiteiro, con só media hectárea de viñedos repartidos en catro parcelas en terreos chans e outra hectárea nunha ladeira, en Arnoia.

A nova non sorprende, pois trátase de algo frecuente dende hai décadas na viticultura galega. A primeira compra data de 1988, cando a adega La Rioja Alta adquiriu Lagar de Cervera no Rosal (Rías Baixas). Tratábase dunha empresa moi asentada na Rioxa, especialmente co viño tinto, pero que quería dar un salto na calidade dos seus brancos. Na súa propia web di que a súa intención ao vir a Galiza era abandonar *"definitivamente a elaboración de viños brancos rioxanos e comezar con paixón a busca dun gran branco, de grande personalidade que tivese elementos diferenciadores con outros viños españois"*.



Horacio Gómez e Alberto Núñez Feijóo ataviados como cabaleiros da Orde do Albariño en 2017. Os favores do actual presidente da Xunta foron determinantes para que Gómez erguese a adega co maior viñado nunha soa parcela de Rías Baixas

▼ Unha masterclass de como converter o monte en viñado

Dende aquela, foron moitos os negocios, algunhas veces nos límites da legalidade, que se fixeron en torno aos nosos viñedos. Un dos grandes pelotazos neste sentido deuno Horacio Gómez cando era presidente do Celta de Vigo. Este empresario creou no ano 2001 a empresa HGA Bodegas y Viñedos de Altura. Dende aquela, adquiriu ou fundou varias adegas e viñedos como Regina Viarum e Vía Imperial (Ribeira Sacra), Altos de Torona,

Tollodouro e Pazo de Villarei (Rías Baixas). A maiores, comercializa viños do Ribeiro, Montereí, A Rioxa, Ribeira do Douro e destilados coas súas empresas de distribución; ten gasolineras e é dono de Fontecelta.

Os investimentos de Horacio Gómez non estiveron exentos de polémica. Os viñedos de Altos de Torona, que xuntan un cento de hectáreas nunha soa parcela, foron posibles grazas a un *modus operandi* cotián para acaparar terras no sector vitícola: comprar monte para reconvertelo en vi-

ñado. Por ese motivo, o fillo do ex-presidente do Celta, David Gómez, foi condenado a tres meses de cárcere que trocou por unha multa de 3.600 euros. David Gómez promovera en 2002 unha plantación de máis de 73 hectáreas de vides na ladeira sur do monte Galego, na parroquia de Vilachán (Tomiño), en solo rústico de protección ecolóxica.

En 2005, o concello propuxo recualificar os terreos como de uso forestal e agropecuario, o que autorizou por decreto a Consellaría de Política Territorial dirixida daquela por Alberto Núñez Feijóo. Así, o concello modificou o seu PXOM para permitir esta actividade e a promotora comezou a construír unha adega. O problema é que as obras carecían de permiso municipal e favoreceron unhas riadas que derivaron en denuncias. Grazas a estas argalladas, HGA ten o que está considerado como o maior viñado de Rías Baixas nunha soa parcela.

Ao pouco, unha nova polémica volveu tocar esta adega: o trazado da autovía que une Portugal e Vigo fixo un desvío no seu trazado para evitar pasar polos viñedos de Horacio Gómez. A veciñanza indignouse, xa que o novo trazado afectaba á ribeira do Miño, atentando así contra unha zona protexida pola Rede Natura. **SEGUE ►**

A ecuación do pelotazo: de 1 € por m² de monte a 20 € polo metro de viñado

Parece ser que a reconversión de monte en viñado é o método máis común para facerse con terras a baixo prezo no sector vitícola. Actualmente, temos constancia de que se está a mercar monte en moitas subzonas de Rías Baixas, dende Vedra até o Miño, pero tamén no Ribeiro, polo que nos comentou o responsable do sector no SLG, Bernardo Estévez.

Na zona de Vedra, por exemplo, están mercando monte a 2 € por metro cadrado, cando as terras de labor na mesma zona teñen, como mínimo, o triplo de valor. Xorxe Albela, gandeiro da zona, explicounos que *“por 15.000 euros plantan unha hectárea de albariño que, ao cabo de 6-7 anos, xa en produción, pódese vender por 30.000 € nesta subzona”*.

Se imos máis para o sur, os prezos por hectárea dispáranse, aínda que o monte se compra a un prezo semellante ou mesmo inferior. A nosa coordinadora no Baixo Miño, Rosario Domínguez, contounos o caso dun grupo empresarial, do que descoñecemos a identidade, que estivo mercando viñedos en plena produción na parroquia de Albeo, en Crecente, a 200.000 € por hectárea. Adquiriron 30 hectáreas, unhas moi preto das outras, aínda que con algún propietario non chegaron a acordo. Sabemos dun viticultor que vendeu 9 hectáreas por 1.800.000 €. Outras fontes consultadas, comentan que un prezo normal por hectárea de albariño en plena produción pode roldar os 100.000 €.

Na banda contraria, adegas fortes como Marqués de Vizhoja están mercando monte para reconverter en viñado ofrecendo prezos ao redor de 1 € por metro (10.000 € por hectárea); ademais da revalorización da terra co paso dos anos, o monte dá beneficios inmediatos, xa que podes acceder ás axudas por reestruturación para plantar e, cunha adega xa en activo, podes ampliar o teu cupo produtivo.



Abrindo esta páxina, viñedos de Horacio Gómez en Vilachán obtidos grazas a recualificar terreos de protección ecolóxica en uso agropecuario; abaixo, o actual presidente do Celta e dono de varias adegas en tres DOs, Carlos Mouriño

A teima dos presidentes do Celta por abrir adegas en todas as DOs

A fama dos viños de Rías Baixas elaborados con uva Albariño atraeu grandes adegas e grupos empresariais cara á nosa terra. Estamos a falar de empresas con potentes redes comerciais xa funcionando que aproveitan un produto de prestixio para metelo directamente no mercado a través das súas propias canles de distribución.

Horacio Gómez, por exemplo, xa tiña empresas de distribución alimentaria antes de meterse no viño, algo que acontece tamén co actual presidente do Celta, Carlos Mouriño. Este empresario que fixo fortuna en México mercou, en 2018, a adega Boo-Rivero, no val de Verín. Fontes consultadas polo Fouce na D.O. Monterrei comentáronnos que, recentemente, Mouriño adquiriu nesta zona unha ladeira de monte, coa concentración parcelaria feita e que, casualmente, ardeu pouco antes da operación de compravenda. Aí veñen de plantar entre 60 e 70 hectáreas de viñado dentro da denominación de orixe. A maiores, mercaron entre 20 e 30 hectáreas xunto á autovía e

a fronteira con Portugal, onde van construír unha adega.

Este sería un investimento máis de Mouriño no sector vitivinícola, onde ten intereses en case todas as denominacións de orixe galegas. A través da empresa Grandes Pagos Gallegos de Viticultura Tradicional, Mouriño posúe ou ten participación en Quinta do Couso, Barbutín e Turonia (Rías Baixas), Fraga do Corvo de Fragas do Lecer (Monterrei) ou Finca Viñoa e Pazo Casanova (Ribeiro). Mouriño ten investimentos en sectores moi dispares, dende hostalería ou a construción, á aeronáutica ou a enerxía. Calcúlase que o entramado societario que dirixe controla unhas 80 empresas entre Galiza e México. No tema do viño, adoita facer os

investimentos da man de dous socios: Manuel Estévez Vaqueiro e José Manuel Martínez Juste (presidente de la Asociación Galega de Enólogos).
SEGUE ▶



Rías Baixas: o branco polo que devecen as adegas catalás e rioxanas

De seguido, ademais dos xa citados, imos comentar por riba algúns dos principais empresarios e grandes adegas que investiron en Rías Baixas:

► **GONZÁLEZ BYASS:** Este grupo empresarial fundado en 1835 en Xerez, con adegas en boa parte de España e Chile, mercou Pazos de Lusco e Pazo Piñeiro en Salvaterra de Miño (Rías Baixas). No lote incluíase un pazo do século XVI ademais dos viñedos. A metade das súas vendas fanas en Estados Unidos e Reino Unido, onde teñen distribuidora propia. Ademais de Xerez e Rías Baixas, teñen adegas na Rioxa, Cádiz, Penedés, Cava, Rueda, Somontano e Castela.

► **BODEGAS TORRES:** Mercaron o Pazo Torre Penelas, catalogado como patrimonio histórico que data dos séculos XIV e XV, con 6 hectáreas de viñedos de Albariño amuralladas na DO Rías Baixas. Elaboran viño baixo a marca Pazo das Bruxas. Nos últimos meses están a saír con frecuencia en medios de comunicación por madurar os seus albariños en pipos de granito. A familia Torres é de Cataluña, onde ten presenza en cinco denominacións de orixe. Ademais, ten adegas na Rioxa Alavesa, Rueda, Ribera del Duero, Chile e California.

► **FAMILIA FERRER (Freixenet):** Dende moi cedo, o xigante catalán dos cavas desembarcou en Rías Baixas. En 1996, alugaron o Pazo de Baión a unha sociedade formada por Laureano Oubiña, Sito Miñanco e Pablo Vioque. Despois, sería expropiada por ser froito do narcotráfico e na poxa pasaría a mans de Condes de Albarei. Entón, Freixenet mercou a Novagalicia Banco Bodegas Vionta en Meaño, que elabora o viño Agnus Dei. En 2018, Freixenet anunciou que deixaba Rías Baixas e, este mesmo ano, pechaba a venda de catro adegas á familia Ferrer, unha das fundadoras de Freixenet pero que pasou a ser accionista minoritaria trala



Grupo Zamora (arriba) e Grupo Varma son xigantes da distribución que investiron en Rías Baixas e que facturaron, en 2018, 196 e 165 millóns de euros respectivamente

compra de máis da metade das accións da empresa pola alemá Henkell (da multinacional Dr. Oetker). Entre as adegas que mercaron os Ferrer estaba Vionta, tamén con intereses en Monterrei, onde operará a través de terceiros.

► **GRUPO ZAMORA:** O conglomerado empresarial das familias Restoy e Zamora, dona entre outras marcas de Ramón Bilbao (Rioja), Licor 43 ou Pacharán Zoco, é propietaria da adega Mar de Frades, en Rías Baixas.

► **GRUPO VARMA:** Este grupo adegueiro que ten como buque insignia a adega rioxana Marqués de Vargas e distribúe medio cento de marcas de bebidas en España, entre as que se atopan Ron Barceló ou xenebra Hendrick's, adquiriu en 2003 a adega Pazo de San Mauro, en Salvaterra

de Miño (Rías Baixas), co edificio histórico de 1591 que dá nome á marca e 30 hectáreas de viñedo propio.

► **MANUEL JOVE:** O magnate do sector inmobiliario mercou en 2008 a súa oitava adega: Pazo de Monterrei, na DO homónima, por 4'1 millóns de euros. A través de Inveravante, ten investimentos e presenza na Rioxa, Rueda, Zamora, A Mancha, Xerez e, como non, en Rías Baixas (Viña Nora).

► **FAMILIA MASAVEU:** Esta é unha das familias máis ricas de Asturias, con importantes investimentos en sectores como a banca. Posúe a adega Fillaboa, en Salvaterra de Miño (Rías Baixas). Ten outras adegas na Rioxa, Ribera del Duero e Navarra.

► **EMILIO UCHA:** Empresario pontevedrés residente en Cataluña e vinculado ao sector inmo-

biliario e da construción con negocios en países como Marrocos, Panamá e Cuba. É dono da adega Pazo Pondal, con 12 hectáreas de viñedos en Arbo.

► **GRUPO LA PENELA:** Familia galega con negocios en turismo rural e hostalería, rexentan oito restaurantes en Galiza, Madrid e Colombia. Hai dez anos mercaron o Pazo de Ximonde, en Vedra, xunto coas súas seis hectáreas de viñedos. En temas vinícolas, están asesorados por José Manuel Martínez Juste, o enólogo de Carlos Mouriño. Gandeiros da zona de Sarandón comentáronnos que esta familia está a adquirir moitas terras. Proxectan plantar entre 10 e 15 hectáreas de oliveiras e outras 20 ou 30 hectáreas de praderías para gando bovino. A intención é chegar a ter ao redor de 100 hectáreas.

► **BODEGAS LAN e GRUPO SOGRAPE:** A finais dos anos oitenta, seguindo o exemplo de La Rioja Alta con Lagar de Cervera, a adega rioxana LAN mercou Santiago Ruíz, na zona do Rosal, con 38 hectáreas de viñedos, para elaborar brancos de calidade. E, como no mundo dos negocios o peixe grande sempre papa o pequeno, en 2012 o grupo portugués Sogrape Vinhos, dono do Mateus Rosé, adquiriu a maior parte das accións de Bodegas LAN e Santiago Ruíz, controlando ambas marcas.

► **VICENTE DALMAU CEBRIÁN SAGARRIGA:** O undécimo conde de Creixell e barón de la Pobadilla é dono da adega rioxana Marqués de Murrieta. En Galiza, ten un pazo de 1511 en Ribadumia rodeado por seis hectáreas de viñedos de onde obtén a uva para elaborar o viño Pazo de Barrantes (Rías Baixas).

► **BODEGAS BAIGORRI:** (Rioxa alavesa) adquiriu a empresa Granbazán (Agro de Bazán), localizada en Tremoedo (Vilanova de Arousa), con 15 hectáreas de viñedo propias e outras 45 que controla.

SEGUE ►

...e polas outras denominacións de orixe, tamén

► **ADEGAS CVNE:** A Compañía Vinícola do Norte de España (CVNE) mercou a adega Virxe de Galir, da DO Valdeorras, en 2017. CVNE comercializa uns 8 millóns de botellas de viño cada ano en 90 países, polo que non ha ter problema en dar saída aos seus viños de Valdeorras.

► **LORENZO LÓPEZ:** O empresario hoteleiro dono da cadea Hoteles López, en Canarias (7 complexos con 5.000 habitacións en Gran Canaria e Fuerteventura) é natural da parroquia de Deade, en Pantón. Será por morriña, que o home decidiu, recentemente, investir no terrón natal coa apertura dun restaurante, unha hospedaría, unha gasoli-neira e, como non, unha adega.

O seu proxecto consiste en plantar en 300 hectáreas de terras o maior viñado da Ribeira Sacra, das que xa leva 100 en Goián, Augasantas e Espasantes, case todas de Treixadura. Tamén está mercando terras en Atán, na ribeira do Miño. A densidade de plantación está a ser de 3.000 cepas por hectárea. Xunto aos viñedos, mercou o antigo convento dominico de Pantón, do século XVI, onde ten planeado albergar a adega, a hospedaría, o restaurante e un museo do viño. A maiores, tamén mercou unha adega monumental escavada no Monte Piñeira, preto de Monforte, que pertencu aos Condes de Lemos.

► **FAMILIA DOMINGUEZ.** A familia ourensá dona de Bimba&Lola e Lonia Textil ten a adega Dominio de Bibeí, con sede en Manzaneda e inscrita na Ribeira Sacra, dedicada principalmente a godello. Chama a atención o capital social desta adega, que supera os 10 millóns de euros.

► **JOSÉ LUÍS CUERDA:** O director de cine mercou unha adega do século XV en Gomariz (Leiro) que pertenceu, no pasado, aos mosteiros de Oseira e San Clodio. Xunto á adega, mercou 6 hectáreas de terras a trinta familias nas que plantou castes como treixadura, godello, loureiro, torrontés e albariño para facer viño de calidade a través da empresa Produccións Amodiño e comercializado coa marca San Clodio.

► **ROBERTO VERINO:** A principios dos noventa, o deseñador de moda mercou 8 hectáreas de viñedos nunha ladeira ao pé do Castelo de Monterrei, onde fundou a adega Terra do Gargalo.



Subvencións da Xunta ao sector vitivinícola

Non hai dúbida de que a tendencia, moi acelerada en Rías Baixas e algo máis pausada no resto das denominacións de orixe, é ao desembarco de grandes capitais que concentran cada vez máis a produción en menos mans, botando do sector a viticultores e viticultoras de pequena escala e a pequenas adegas colleiteiras. Precisamente, a parte máis difícil do proceso produtivo, que é a comercialización,

estes grandes grupos empresariais xa a teñen absolutamente dominada. Nun sistema económico de libre mercado, este proceso pode ser contemplado con certa normalidade.

O que é criticable é que a Xunta de Galicia, a través da Consellaría de Medio Rural ou do Igape, estea a favorecer descaradamente o proceso.



A complicidade da Xunta xa non é só pola permisividade normativa á hora de recualificar monte en viñado, que tamén; senón pola concesión de axudas millonarias que están a favorecer ostensiblemente uns poucos grupos empresariais en detrimento da pequena viticultura; e que, a maiores, se destinan o meirande dos fondos públicos a unha soa denominación de orixe, Rías Baixas, en detrimento das demais.

Onde mellor se ve todo isto é no reparto das axudas á promoción do sector do viño nos mercados de terceiros países, dependentes de Medio Rural; e outras liñas do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) como Galicia Exporta Empresas, os apoios á contratación de xestores de internacionalización ou o Plan Primax. En Fouce, analizamos o reparto feito nos últimos anos, e semellan unhas axudas deseñadas para

favorecer a Rías Baixas. Así, no último lustro, o consello regulador desta DO ingresou 1.030.973 € da Consellaría de Medio Rural e 116.658 do Igape. Séguelle, moi de lonxe, o consello do Ribeiro, con 85.850 € de Medio Rural e 215.689 € do Igape. Despois, só con axudas de Medio Rural, viría Valdeorras, con 4.394 €. En Ribeira Sacra e Monterrei non ingresaron nin un céntimo das liñas de axuda analizadas.

SEGUE ►

Martín Códax, a cooperativa do millón de euros

As outras grandes beneficiarias das axudas á exportación son as cooperativas vinícolas de Rías Baixas. A través de Medio Rural, Martín Códax ingresou nos últimos cinco anos 686.781 €, aos que habería que engadir a axudas que lle deron a unha empresa que depende da cooperativa, Viñas e Adegas Galegas, que levou 220.165 €. Se lle engadimos os 94.941 € que Martín Códax ingresou por axudas á reestruturación a través da empresa Agrícola Anmar; e os 69.763 € que ingresou por subvencións do Igape, sumaría máis de 1 millón de euros en subvencións.

Segue a cooperativa **Vitivinícola Arousana**, que embotella entre outras marcas Paco&Lola, con 291.374 € de Medio Rural e



A cooperativa Martín Códax superou o millón de euros en subvencións nas últimas cinco convocatorias. Na imaxe, fachada principal da súa adega en Cambados

83.267 € do Igape, o que sumaría 374.641 €. A terceira no podio é a cooperativa **Vitivinícola do Ribeiro**, con dúas axudas á que habería que sumar outra á súa principal

marca, Viña Costeira, e outra máis do Igape; en total, máis de 115.000 €. Moi lonxe destas, a cooperativa **Eidosela**, tamén de Rías Baixas, embolsou máis de 73.000 €.

CVNE e Terras Gauda son as adegas de capital privado que máis axudas recibiron da Xunta

Será polo seu nome ou por unha causa que descoñecemos, pero **Virxe de Galir** parece que está tocada por unha gracia divina para recibir subvencións. Entre 2014 e 2018, antes e despois de ser adquirida por **CVNE**, embolsou 286.657 € en axudas á comercialización de viño en terceiros países, cartos aos que habería que sumar 119.611 € en axudas á reestruturación de viñedo dos dous últimos anos e 12.145 € do Igape, sumando en total 419.172 € en subvencións. Suponse que cos cartos para reestruturación, a multinacional rioxana executará o seu plan de ampliar de 20 a 50 hectáreas de viñedos en Valdeorras, tal e como fixo público.

Pero, sen dúbida, o proxecto empresarial non cooperativo que máis recibe da Xunta é **Terras Gauda**. A adega do Rosal levou 360.618 € en catro anualidades de axudas á exportación, cartos aos que habería que sumar 113.066 € de dúas axudas á reestruturación e 4.901 € do Igape. En total: 478.585 €.



A Compañía Vinícola do Norte de España (CVNE), da Rioxa, investiu en Valdeorras a través da adega Virxen de Galir e é unha das máis agraciadas coas subvencións

No top 10 tamén, ocupa o terceiro posto **Adegas Valmiñor**, con 386.633 € en axudas á exportación de Medio Rural. Por este mesmo concepto, ingresaron 258.917 € o empresario **Emilio Ucha** para Pazo Pondal, 190.224 € **Bodegas Gallegas** (a través de Rectoral do Umia, Rectoral de Amandi, Alanís e Mille-

nium), 99.272 € **Horacio Gómez** para HGA Viñedos de Altura (aos que suma 29.900 € do Igape: 129.172 € en total), 100.390 euros a **familia Masaveu** para Fillaboa, 93.717 € (+3.328 € do Igape) para **Marqués de Vizhoja**, 76.713 € (+6.952 € do Igape) para Attis, ou 70.837 € para **Carlos Mou-**

riño a través da Asociación Wines from Galicia.

Aínda que non chega a estes importes, destaca a axuda concedida a Agro de Bazán (de **Bodegas Baigorri** da Rioxa) por importe de 47.329 € por unha soa anualidade (as anteriores cifras sumaron sempre entre tres e cinco convocatorias).

Se falamos só de axudas á reestruturación do viñedo, quitando os casos anteriormente citados de Virxe de Galir (CVNE), Terras Gauda ou Martín Códax; habería que destacar o **Grupo Zamora** (Ramón Bilbao, Mar de Frades, etc.) que levou, nos últimos dous anos, 202.952 euros para plantar viñedo novo. Lagar de Fornelos, pertencente ao grupo **La Rioja Alta S.A.** que agrupa marcas de Rías Baixas como Lagar de Cervera ou Viña Armenteira, levou 105.179 €. A xerezana **González Byass** é tamén unha das empresas foráneas que están a sacar máis cartos en axudas á reestruturación: 60.098 € entre as convocatorias de 2017 e 2018. **FIN** ■

CARNE DE VACÚN ▶ A medida pretende traspasar unha parte da sobreproducción de principios de ano cara á época estival para mellorar os prezos e non afecta a Suprema

Tenreira Galega aproba elevar a idade dos becerros anellos de dez a doce meses

O SLG votou en contra porque esta acción podería empeorar a situación e facer baixar o valor da carne cando tende a subir

O pasado 20 de xuño, o pleno do consello regulador da IXP Tenreira Galega reuníase en Compostela para debater unha proposta: o aumento da idade de venda dos becerros de 10 a 12 meses na categoría normal como acontece no resto do Estado.

O motivo principal de debater esta decisión ten que ver coa comercialización. As vendas de becerros concéntranse nos primeiros meses do ano, o cal fai que os prezos caian por exceso de oferta. Ampliando a idade dos becerros (agora considéranse anellos a partir dos dez meses), agárdase poder distribuír máis vendas cara ao verán, época na que os prezos tenden á alza. Estes becerros entre 10 e 12 meses venderíanse como de Tenreira Galega normal; os de Suprema seguirán mantendo o tope de idade de dez meses.

A cuestión debateuse previamente na Dirección da Carne do SLG, resultando maioritaria a opción de non apoiar esta proposta. Moitas opinións coincidiron en prever que, dando dous meses máis de cebo aos becerros, o peso por canle aumentará, de maneira que corremos o risco de afectar negativamente os prezos por un novo incremento da produción, pero desta vez xa na época estival, cando tenden a mellorar.

Esta foi a postura que defendeu o noso vocal no pleno da IXP, Adolfo Cabarcos. Porén, a maioría votou a favor da medida. Agora, con esta decisión aprobada, a modificación do re-



O pleno da Indicación Xeográfica Protexida Tenreira Galega (na imaxe, con Adolfo Cabarcos terceiro pola esquerda) acabou aprobando o aumento de idade dos becerros anellos a pesares do voto en contra do Sindicato Labrego Galego

gulamento da IXP ten que ir a Bruxelas, polo que aínda haberá que agardar un período transitorio duns tres anos até que o cambio de normativa sexa efectivo definitivamente.

✓ Un problema de difícil solución

Para Adolfo Cabarcos, o problema existe e hai que buscarlle solución. O ideal sería programar a distribución dos nacementos para que non coincidan todos na mesma época. Pero a natureza é tuzara neste aspecto e é difícil programar os partos, especialmente nas ganderías en extensivo. Ademais, moitas granxas resistense a mudar hábitos e calendarios de traballo.

Outro problema que apuntou Cabarcos é que, nos últimos cinco anos caeu o consumo xeral de carne un 8%. Van mudando os hábitos alimenticios e a xente consume menos. Agora

mesmo, en Tenreira Galega mantéñense os prezos e as vendas grazas, en parte, ás exportacións. De feito, en 2018 comercializáronse 712 toneladas máis

de carne certificada por Tenreira Galega, supoñendo un incremento do 3'4% con respecto a 2017. Os prezos foron dos 4'30 € aos 5 € por quilo.

A UE negocia con Mercosur a entrada de 99.000 toneladas de carne de vacún libre de aranceis

Un novo tratado de libre comercio podería afectar negativamente o sector de vacún de carne. En concreto, a Unión Europea está a negociar con Mercosur (Arxentina, Brasil, Uruguai, Paraguai e Venezuela) un acordo no que, unha vez máis, tal e como aconteceu co CETA con Canadá, a carne de vacún volverá ser moeda de cambio.

Cómpre lembrar que en Mercosur están algúns dos principais produtores de carne de vacún do mundo. De feito, a Unión Europea está a ofrecer a entrada libre de aranceis de 99.000 toneladas de carne de vacún. A COAG advirte que *"suporía, no seu peso equivalente en canle, un total de 2 millóns de vacas nutrices. Isto supón máis do número total de cabezas de Bélxica, Bulgaria, Dinamarca, Estonia, Grecia, Croacia, Chipre, Letonia, Luxemburgo, Hungría, Malta, Eslovenia, Eslovaquia, Lituania, Finlandia e Suecia xuntas"*.

SANIDADE ▶ A actual normativa está deseñada para grandes industrias e o decreto que debería adaptala ás producións artesanais leva paralizado dez anos no Ministerio

O SLG aborda os problemas xerados polas normas hixiénico-sanitarias nos alimentos

Foi o tema central dun obradoiro celebrado en Compostela e inscrito nas actividades do Proxecto BOND da Unión Europea

O Sindicato Labrego Galego acolleu na Galiza, os días 5 e 6 de xullo, como un obradoiro europeo no que se tratou a problemática xerada pola estrita normativa estatal, deseñada para grandes industrias, que deixa nunha situación de alegalidade moitas producións alimentarias artesanais que supoñen un importante complemento económico para moitas granxas.

Baixo o título *Transformación alimentaria e producións labregas: Superando as barreiras de xeito colectivo*, este obradoiro formaba axenda de actividades do Proxecto BOND (*Bringing Organisations & Network Development to higher levels in the Farming sector in Europe*), que coordina na Galiza a nosa compañeira Conchi Mogo.

A encargada de inaugurar o encontro foi a secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba Seivane, que centrou a súa intervención en analizar o modelo alimentario dominante dende un punto de vista económico, social, ecolóxico e agrario; e de como, co paso dos anos, este sistema está a destruír as terras fértiles, a desertizar o medio rural, a pechar granxas e a concentrar, cada vez máis, a produción de alimentos e todo o que a arrodea en menos mans.

No caso particular na normativa hixiénico-sanitaria que regula as producións alimentarias en España e na Galiza, Vilalba criticou unhas esixencias burocráticas enormes que fan imposible que unha granxa multifuncional con varias producións



poida traballar de maneira legal. Isto é así porque a normativa está adaptada a grandes industrias e monocultivos, castigando a agricultura multifuncional que combina diversas producións que domina en modelos como o ecolóxico.

Ademais, afirmou a secretaria xeral do SLG, o cumprimento estrito da normativa fai que moitos produtos, para poder saír ao mercado, teñan que desnaturalizarse e perder a súa esencia, xa que as regras do xogo impostas non respectan as circunstancias

locais nin a singularidade de cada alimento. Neste senso, Vilalba apostou por unha viraxe do propio sistema alimentario cara a modelos que, precisamente, respecten estas singularidades e se baseen en criterios agroecolóxicos.

Lea de regulamentos que varía segundo a comunidade autónoma na que traballes

Pola súa banda, Fernando Fernández, labrego vinculado á Revista Soberanía Alimentaria, actual xefe do Gabinete da Consellaría de Agricultura de Illes Balears e experto en regulación dos alimentos, analizou a normativa hixiénico-sanitaria a nivel europeo, español e autonómico. Fernández explicou que, hoxe en día no Estado Español, hai grandes diferenzas normativas segundo a comunidade da que falemos que nacen grazas a un limbo legal que se produce por non terse aprobado aínda o real decreto de regulación e flexibilización da normativa hixiénico-sanitaria, cuxo borrador está nos despachos do Ministerio de Agricultura dende hai unha década. As previsións apuntan a que, esta nova norma, será definitivamente aprobada en decem-

bro deste ano. Pero mentres iso non aconteza, a normativa válida é aquela que regula as producións alimentarias en cada comunidade autónoma ou as guías de boas prácticas sectoriais que obteñen o visto bo de Aecosan (Agencia Española de Seguridad Alimentaria y Nutrición), sempre acordes ás guías publicadas pola propia Unión Europea no ano 2004 para orientar as normativas estatais.

Ademais da parte teórica, este obradoiro europeo tivo unha parte práctica en forma de visitas: o sábado 6 de xullo, á Granxa O Alle, en Lalín, onde envasan e comercializan leite cru dende hai varios anos; ou ao Mercado do Alimento Labrego de Teo, onde hai unha ampla oferta de conservas caseiras e artesanais.

A necesidade de adaptar a lei á realidade das producións alimentarias artesanais

Durante o resto da xornada, o obradoiro estruturouse en grupos de traballo que analizaron diversos aspectos particulares relacionados con diversos sectores en particular.

Do **SECTOR LÁCTEO**, por exemplo, viuse a necesidade dunha formación rigorosa en manipulación de alimentos para os produtores e produtoras; pero tamén a obriga de facer melloras na administración con accións como unificar a asistencia técnica e a información, a difusión de guías de boas prácticas, unha mellor formación en flexibilidade na inspección ou a creación de entidades de asesoramento públicas.

No **SECTOR AVÍCOLA**, valorouse a importancia de coñecer outros proxectos de produción artesanal xa consolidados e a posibilidade de facer salas de envasado compartidas para minimizar os custos de produción. Tamén, de cara a ampliar as posibilidades produtivas, falouse da posibilidade de comercializar a carne de galiñas vellas e de pularlas.

Un dos apartados que máis propostas suscitaron foi o referente ás **CONSERVAS VEXETAIS**. Entre as necesidades que ven as granxas que fan conservas artesanais de alimentos, estarían a adaptación da normativa ao tipo e dimensión da conserveira, contemplar a compra de maquinaria de segunda man nas subvencións, fomentar o diálogo e achegamento entre a Administración e produtores e produtoras, o fomento de conserveiras compartidas e multifuncionais, ou que os concellos concedan licenzas para abrir obradoiros alimentarios nas casas e nas granxas en vez de nos polígonos industriais.

Do mesmo xeito que no sector lácteo, aquí tamén se falou da necesidade dunha formación continua non só para produtores e produtoras, senón tamén para o persoal técnico de inspección e



da Administración. A implicación da universidade en aspectos técnicos e analíticos sería un apoio adicional importante.

Outro dos eidos destacados nos que se reflexionou foi o de adaptar a normativa ao **SACRIFICIO CASEIRO DE ANIMAIS**. Para iso, cómpre unha lei que ampare o sacrificio de pequenos ruminantes e aves coa creación matadoiros de dimensións reducidas nas casas ou na granxa, e mesmo con salas de despece comunitarias. O sacrificio de animais debería ser un servizo público de proximidade, que evitase a pegada ecolóxica que supón transportar animais a grandes distancias a matadoiros e, para iso, sería importante implicar aos propios concellos e a outras administracións.

Reflexións aparte foron as do **SECTOR APÍCOLA**, onde pediron un endurecemento da lei con respecto a determinadas prácticas industriais permitidas hoxe en día. Para iso, deberían facerse análises do mel tanto polínicos, como para detectar residuos tóxicos ou tratamentos veterinarios. Neste senso, pediuse un



laboratorio público para axilizar a realización de analíticas e a importancia de clarificar legalmente a constitución de obradoiros compartidos entre varias produtoras e produtores.

Na páxina anterior, Fernando Fernández durante a súa intervención. Nesta, de arriba a abaixo, visita ao Mercado do Alimento Labrego de Teo; presentación do obradoiro con Juan Clemente (COAG Valencia), Mamen Cuellar (Universidade de Córdoba), Francesca Carpano (FAO) e Conchi Mogo (coordinadora do Proxecto BOND na Galiza); e detalle das mesas de traballo



MONTES ▶ Unha vintena de organizacións, entre as que se atopa o Sindicato Labrego Galego, únense para propor unha xestión alternativa do monte e do sector forestal

Alianza ampla para demandar a viraxe radical da política forestal de Galiza

O 8 de xullo presentouse en Compostela o manifesto “Por un monte con futuro”, no que se detallan propostas

O 8 de xullo, presentábase en Compostela unha alianza para demandar unha nova política forestal para Galiza que non estea comprometida polos intereses de Ence. Ademais do Sindicato Labrego Galego, concorreron a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (Adega), Amigos da Terra, Asociación Galega de Apicultura (AGA), Asociación Pola Defensa da Ría (APDR), Colectivo Agrocuir da Ulloa, Confederación Intersindical Galega (CIG), Comando Ghichas do Valmiñor, Asociación Frouma, Federación Rural Galega (Fruga), Montegal e Organización Galega de Comunidades de Montes (ORGACMM).



Diego Sánchez Agra representou ao SLG na presentación do manifesto

Con posterioridade, expresaron tamén o seu apoio Verdegaiá, Petón de Lobo, Cova Crea, O Ouriol do Anllóns, Amarelante, A Rente de Chan-Pladever, Kunterbunt Design, Salvemos Catasós e Asociación Bidueiro.

No día da súa presentación, facíase público o manifesto “Por un monte con futuro”, no que se

pon en dúbida o papel das políticas forestais galega e estatal de cara a frear o cambio climático ou as emisións de carbono á atmosfera. Aínda que os ecosistemas forestais son fundamentais nesta loita, os monocultivos impulsados na Galiza contribúen a empeorar o problema porque son de ciclo rápido, polas emi-

sións que causan os procesos industriais asociados, que mesmo poderían empeorar se aumenta, a maiores, o seu uso como combustible para xerar enerxía.

A pesares das evidencias, a Xunta segue a apostar polo monocultivo de eucalipto no borrador da Estratexia Galega contra o Cambio Climático ou no seu novo Plan Forestal de Galiza. Neste senso, no manifesto pídese a anulación deste plan e “a elaboración dun novo documento que parta de información actualizada sobre a situación do monte galego, dunha participación equilibrada de todos os axentes sociais, e que siga como principios reitores a diversidade de hábitats e especies, a multifuncionalidade de usos, o fomento do arborado autóctono, o mantemento dos servizos ecosistémicos, a non privatización dos montes veciñais, a creación de emprego e a sustentabilidade económica e social”.

O documento presentado o 8 de xullo continúa a seguinte táboa reivindicativa:

■ Masas forestais de eucaliptos e outras especies exóticas invasoras

- ✓ Moratoria indefinida para novos plantíos de *Eucalyptus* e prohibición na Rede Galega de Espazos Protexidos (RGEP).
- ✓ Prohibición de novas plantacións de *Eucalyptus nitens* e de repoboacións con robinias, acacias, pawlonia, bambús e outras especies invasoras. Erradicación na RGEP.
- ✓ Programa de redución progresiva da superficie ocupada por eucaliptos e outras especies exóticas invasoras.
- ✓ Programa de eliminación das plantacións ilegais en terras agrarias e bosques autóctonos.
- ✓ Modificación do “Decreto 163/2014 para a compensación e absorción de dióxido de carbono a través de masas forestais” para: excluír as masas de eucalipto e doutras especies exóticas invasoras como sumidoiros de carbono; evitar as repoboacións fores-

Cómpre poñerlle couto ao eucalipto

tais sobre terreos queimados; limitar as quendas de corta a un mínimo de 30 anos e introducir variantes de carácter social e ambiental na valoración dos proxectos.

■ Sobre biodiversidade

- ✓ Realización urxente do inventario de masas de frondosas autóctonas, pendente desde 1992.
- ✓ Establecer unha reserva ecolóxica do 30% para bosque nativo en plantacións forestais.
- ✓ Agardar á publicación do V Inventario Forestal (IFN5) -a piques de ser publicado- para facer unha nova revisión do Plan Forestal.
- ✓ Creación de bancos de xermoplasma ou sementes de especies autóctonas.

✓ Axudas directas e exencións fiscais para manter bosques autóctonos, a produción ecolóxica e o

aproveitamento multifuncional dos montes.

✓ Programa de divulgación e educación sobre especies autóctonas e o seu valor ecosistémico, económico e social.

✓ Cumprimento estrito das funcións de custodia, vixilancia e policía que lle outorga a normativa vixente á Administración.

■ Sobre aproveitamentos forestais e peche do ciclo produtivo

- ✓ Promoción do ciclo completo da transformación da madeira en Galiza.
- ✓ Recuperación do tecido industrial dedicado aos aproveitamentos forestais.
- ✓ Promoción da produción de madeira de calidade e produtos do monte.
- ✓ Apoio á investigación para unha industria forestal integral e sustentable.
- ✓ Aproveitamento da biomasa só residual.
- ✓ Fomento da silvicultura con madeiras de calidade.
- ✓ Prohibición dos cultivos enerxéticos.

Por novas maneiras de xestionar a prevención dos lumes e os montes comunais

■ Sobre lumes forestais

- ✓ Creación dunha lei de ordenación dos usos das terras que favoreza a multifuncionalidade do monte e, por tanto, a prevención fronte os incendios forestais.
 - ✓ Promoción do pastoreo e a gandería extensiva como elemento natural de roza e prevención de incendios.
 - ✓ Recuperación dos 100 metros de anchura para as redes secundarias de xestión da biomasa na loita contra os lumes, favorecendo alternativas multifuncionais para estas franxas de seguridade.
 - ✓ A xestión da biomasa nas franxas secundarias e terciarias fírase con recursos públicos, agás nos casos nos que os/as titulares das vivendas constrúisen estes inmobles fóra do ordenamento xurídico.
 - ✓ Ruptura das masas monoespecíficas con faixas de separación de 100 m por cada 50 ha de eucaliptos, e de 50 m por cada 50 ha de piñeiros.
 - ✓ Incremento das distancias das plantacións forestais a terras de cultivo, ríos, zonas habitadas, vías de comunicación, etc.
 - ✓ Perímetro de exclusión de 25 m das plantacións forestais aos xacementos arqueolóxicos, e nos seguintes 25 metros un marco mínimo de plantación de 6x6 arredor destes elementos.
 - ✓ Os Plans de prevención de incendios deben elaborarse a nivel de distrito, facendo os concellos as adaptacións territoriais necesarias.
 - ✓ O PLADIGA será de carácter anual e aprobarase no último trimestre do ano anterior ao de aplicación. Deberá establecer obxectivos claros de prevención dos incendios forestais.
- vCreación dun único servizo público, profesional e adecuadamente formado de prevención e extinción de incendios.

■ Sobre a titularidade, xestión e ordenación do monte

- ✓ Nova lei de montes veciñais en man común que reforce o carácter xermánico da titularidade veciñal.
- ✓ Devolución da xestión dos montes veciñais consorciados e/ou conveniados á veciñanza comuneira sen carga económica. De existir esta carga, sería imputable á Administración forestal dado que foi ela a que xestionou estes montes.
- ✓ Potenciar a mobilidade de terras abandonadas a través do Banco de Terras, como ferramenta de acceso á terra para o desenvolvemento de actividades agrarias. No caso dos terreos de MVMC, o alugueiro non poderá ter duración nin uso que comprometan a titularidade e recuperación dos mesmos pola veciñanza comuneira.
- ✓ Incremento da xestión pública dos montes con fins conservacionistas. Nos MVMC este incremento levarase adiante baixo convenios e fórmulas de coexistión.
- ✓ Exención, debido ás características do territorio forestal galego, da obriga de contar cun instrumento de ordenación de montes para as parcelas particulares de superficie igual ou inferior a 1 Ha; eliminando, por tanto, a adhesión a modelos silvícolas.
- ✓ Retirada das comunidades de montes como suxeito pasivo no Imposto sobre Sociedades e elaboración, desde Galiza, dunha fiscalidade axustada á figura e ás funcións dos montes veciñais.
- ✓ Pulo a fórmulas que favorezan unha xestión colectiva do monte máis democrática e social.

LUMES ▶ O novo Plan de Defensa contra Incendios volve ser unha imposición que non inclúe as achegas do sector

Medio Rural rompe o seu compromiso de crear unha mesa de traballo do lume

Segue sen deixar participar aos colectivos e organizacións sociais que formamos parte deste órgano consultivo da Xunta

O Sindicato Labrego, xunto con Amigos da Terra e a Asociación Frouma, rexistramos un escrito no que lle pedimos á Consellaría de Medio Rural a reformulación do funcionamento do Consello Forestal de Galicia (CFdeG), no que se refire á participación activa dos axentes sociais e sectoriais na elaboración de políticas forestais e de defensa do monte.

Ano tras ano, temos solicitado unha participación máis activa na elaboración do Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia (Pladiga). Da mesma maneira, a Consellaría de Medio Rural, con independencia do conselleiro ou conselleira que a dirixa, negouse sempre a atender esta petición e, de maneira reiterada, entregáronnos a documentación do Pladiga con moi pouca marxe á celebración do CFdeG, de maneira que sempre nos resultou imposible estudalo ou facerlle achegas ou correccións.

Isto volveu acontecer na celebración do último CFdeG, o 26 de abril. O director xeral de Defensa do Monte, Tomás Fernández-Couto sentenciou o debate cunha frase lapidaria que lembra épocas autoritarias do pasado: *"O Pladiga apróbase no Consello da Xunta, e punto!"*.

Para o SLG, Amigos da Terra e Frouma, é evidente que o funcionamento do Consello Forestal como órgano consultivo da Administración estase a perverter até o punto de que a Consellaría de Medio Rural xa non pode nin sequera constatar como "oído" este órgano en materia de incendios forestais.

✓ Caos na aplicación da norma para faixas de protección

Tamén se pediron dúas medidas concretas e de aplicación inmediata relacionadas cos incendios forestais:

- ✓ Crear unha mesa de traballo sobre prevención de lumes no seo do CFdeG, tal e como se comprometera Medio Rural no Consello do 18 de abril de 2018. Porén, a Consellaría rompeu o seu compromiso o 19 de febreiro, retractándose do dito e negándose a constituír a mesa.
- ✓ Crear directrices claras que rematen coa aplicación caótica da Lei 3/2007 de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia no que se refire á súa aplicación nas faixas de protección.

Dende SLG, Amigos da Terra e Frouma temos constatado que hai distintas interpretacións da mesma, incorrendo en graves erros: circulares e bandos de concellos nos que se aplican distancias e obrigas que nada teñen que ver co aprobado pola Xunta; interpretacións da normativa distinta segundo o distrito forestal; ou persoal da administración forestal dando charlas a asociacións veciñais, comunidades de montes, propietarios forestais, etc. interpretando cadaquén a lexislación á súa maneira.

Esta interpretación caótica da lei está afectando seriamente o noso patrimonio arbóreo, con cortas de árbores que non son nin necesarias nin obrigatorias.



Tomás Fernández Couto


COÑECENDO OS OXMs ▶ Para facernos unha idea de que pode significar o uso dos OXMs, e como non temos tempo para falar de cada un dos novos tipos dada a complexidade do tema, nesta nova entrega imos tratar polo miúdo os “impulsores xenéticos” para tentar visualizar eses efectos dos que falamos.

3. Impulsores xenéticos: os OXMs que poden rematar a biodiversidade da Terra

A que nos referimos cando falamos de impulsores xenéticos? Trátase dunha nova técnica de enxeñería xenética que se usa para forzar a transmisión ás seguintes xeracións dun ou varios xenes en especies vexetais como animais.

A idea das grandes empresas de OXMs é liberar na natureza estes organismos con impulsores xenéticos (OIX) para que, unha vez se reproduzan cos individuos naturais, e co paso dunhas poucas xeracións, a especie natural DESAPAREZA, implicando a súa aniquilación.

Pero non só é unha idea das grandes empresas de OXMs. Para que nos decatemos da importancia estratéxica que teñen os impulsores xenéticos, debemos saber que as entidades que están a investir máis cartos na investigación desta técnica son a Axencia de Proxectos de Investigación Avanzada do Departamento de Defensa dos EEUU e a



Fundación Bill & Mellinda Gates. Estas entidades, xunto a outras como Facebook, teñen in-

vestido ao redor de 250 millóns de dólares en investigar isto. E de seguro que as súas inten-

cións pouco teñen que ver co progreso e o beneficio da humanidade.

A delgada liña entre o agro e a carreira armamentística

A técnica dos impulsores xenéticos usárase para provocar a extinción de determinadas especies. Isto, nun contexto de conflito (lembra, o Departamento de Defensa dos EEUU está metido no allo), pode ser usado para eliminar as fontes de alimentos dos “inimigos”.

No noso eido, a agroindustria propón unha agricultura “á carta” no que se refire á loita contra pragas e enfermidades. Isto, aparte de facer que coma produtoras de alimentos caíamos totalmente nas súas mans e pasemos a depender deles en tódalas facetas da produción (sementes, fertilizantes, fitosanitarios, OXMs con impulsores xenéticos, comercialización...), supón a liberación na natureza de organismos cuns efectos que ningún estudo pode prever, e cunhas consecuencias para as xeracións futuras total-

mente descoñecidas.

Os impulsores xenéticos son o ataque máis serio até hoxe contra a natureza e o medio ambiente, contra todo aquilo que nos sostén como especie e nos permite vivir no planeta Terra.

Que sucederá coa humanidade nun medio ambiente totalmente manipulado polas agroindustrias?

Non podemos facernos a máis mínima idea do que o uso destas técnicas de manipulación xenética suporán para o medio ambiente e para nós. Podemos tentar pensar nalgúns dos seus efectos, pero quedariamos moi curtos. O uso destes impulsores xenéticos afectaría o manexo dos cultivos e da terra, a auga, os alimentos. Tamén afectaría ás comunidades indíxenas, campesiñas e tradicionais. Suporía unha uniformización

na produción de alimentos aínda máis acusada que a actual, o incremento do control da alimentación por grandes corporacións privadas e un aumento da fenda da riqueza das grandes empresas respecto dos pobos e países.

Todo isto suporía un atranco que anularía o dereito á soberanía alimentaria dos pobos, o dereito a escoller unha alimentación sa e unha nutrición saudable. E, para unha maioría de labregos e labregas, imposibilitaría o dereito a ter unha vida digna.

Diante deste delirio das grandes corporación por facerse co control absoluto da alimentación, o principio de precaución debería impoñerse. Non podemos deixar que sexan unhas poucas grandes empresas con fabuladas cos gobernos máis neoliberais as que usen esta tecnoloxía no noso entorno.

FRUTICULTURA ► A Asociación Herbamoura deu continuidade neste 2019 ao proxecto de recuperación de froiteiras autóctonas das comarcas da Terra de Melide e Arzúa cunha xornada formativa de enxertos na que se reproduciron varias castes de maceira e pereira recompiladas nos últimos meses. É un capítulo máis dunha historia de reconquista que comezou no ano 2008 en terras do Eume.

A reconquista galega das froiteiras autóctonas comezou no Eume

O Sindicato Labrego Galego volveu colaborar con Herbamoura no proxecto de recuperación de froiteiras autóctonas que esta asociación está a desenvolver nas comarcas de Arzúa e Melide. E fíxoo nun curso sobre enxertos de froiteiras que se celebrou na vila melidense.

Nesta xornada formativa, utilizáronse máis de douscentos patróns de maceiras e pereiras nos que unha trintena de asistentes enxertaron púas das variedades que foron recompilando nos últimos meses os técnicos do SLG. En mazá, utilizáronse gallos de mazóns, repinaldos, cornelludas, branquiñas, durelas, rubias de sidra, de San Xoán, cadradas, de pau, etc. En canto ás pereiras, de San Miguel, de San Ramón, Urraca, etc.

Segundo o coordinador do SLG en Arzúa e Melide, Xulio Rodríguez, quen estivo a recompilar boa parte das razas de maceira e pereira que se utilizaron na sesión de enxerto, nestas comarcas existía unha longa tradición froiteira e, de feito, había xente que vivía de vender froita nas feiras. Coa concentración parcelaria, especialmente en Arzúa, concello onde está concentrado boa parte do territorio municipal, arrasou moitas froiteiras que adoitaban plantarse nos valos como separación entre fincas.

✓ Dando continuidade á experiencia da Mariña

O Sindicato Labrego Galego ten sido partícipe en actividades semellantes á desenvolta en Arzúa e Melide. Por exemplo, hai uns anos fixéronse na Estrada varias xornadas de poda,

enxerto e manexo de plantacións froiteiras, ademais de fomentar a recuperación das variedades autóctonas. Seguiuse así o exemplo do proxecto que leva varios anos desenvolvéndose na Mariña de Lugo, co que se levan plantadas máis dun milleiro de árbores -fundamentalmente maceiras, pereiras e cerdeiras- e implicado unhas 150 persoas (ver Fouce nº 300 *En busca das froiteiras perdidas*).

Unha trintena de persoas asistiron á xornada de enxertos celebrada en Melide



O traballo pioneiro da Asociación Galega da Froita Autóctona

A nivel galego, é de destacar o traballo que leva anos desenvolvendo a Asociación Galega da Froita Autóctona do Eume (AGFA-Eume). Naceu no ano 2008 e, dende aquela, fixo un intenso labor cuxo expoñente máis visible é a Horta de Conservación Carlos Fornos, na que a entidade ten plantadas 180 parellas de froiteiras autóctonas das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal. O terreo foi cedido polo Concello de San Sadurniño por un período de trinta anos. A maiores, no seo da Feira Rural que se celebra anualmente neste concello coruñés, organizan un concurso de froita autóctona no mes de agosto que este ano chegará á súa undécima edición.

Un dos logros máis importantes da AGFA a nivel institucional foi introducir no catálogo do Ministerio de Agricultura e, polo tanto, facelas oficiais, un cento de variedades de froiteiras autóctonas da bisbarra. A iniciativa levouse a cabo diante do novo regulamento de control e certificación de plantas de viveiro que se quere aprobar na Unión Europea e que sería de obrigado cumprimento. Esta normativa esixirá que, para poder comercializar calquera variedade de árbore froiteira, esta deberá ser recoñecida previamente polo ministerio competente.

Detrás de boa parte do labor de caracterización e identificación das froiteiras atópase Ramiro Martínez, actual presidente da AGFA-Eume e viveirista que ten colaborado co Sindicato Labrego Galego na realización de cursos de enxerto e poda no marco de proxectos de recuperación de froiteiras autóctonas como o d'A Mariña. En concreto, o Ministerio de Agricultura recoñeceu e incluíu no seu catálogo 26 variedades de cerdeiras, 14 de ameixeiras, 25 de maceiras, 13 de pexegueiros e 18 de pereiras.

Nun manifesto da conservación do patrimonio froiteiro galego, a AGFA denunciou a intención do Ministerio de “prohibir a comercialización das variedades que non sexan previamente controladas, identificadas e incluídas no Rexistro estatal de variedades comerciais”. Isto é consecuencia dunha normativa “pensada para regular a creación de novas variedades comerciais, por parte dos laboratorios dos grandes grupos multinacionais, esquecendo a protección das variedades xa existentes, logradas grazas ao traballo anónimo, durante centos de anos, de milleiros de labregos e labregas”.

Manifesto completo en: bit.ly/ManifestoAGFA

AXUDAS ▶ Os orzamentos comunitarios para agricultura están temporalmente parados mentres se negocia a nova PAC, polo que non hai cartos para os anos 2020 e 2021

O SLG denuncia no Consello Agrario o risco de perdermos as agroambientais

A comunidade de Castela e León xa creou unha partida de 56 millóns para cubrir este baleiro, mentres a Xunta segue sen facer nada

No Consello Agrario Galego celebrado o 21 de xuño, a secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba Seivane, solicitou a creación dunha partida orzamentaria para prorrogar as axudas agroambientais das que se están a beneficiar ao redor de 4.000 granxas na Galiza, principalmente en Lugo e na montaña de Ourense.

O motivo da petición é que, agora que se está a negociar unha nova reforma da Política Agraria Común (PAC) e, polo tanto, algúns orzamentos comunitarios para agricultura están temporalmente parados, faise



A secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba, asistiu ao Consello Agrario do 21 de xuño

necesario que sexa a propia Consellaría de Medio Rural a que adiante os cartos das axudas agroambientais para 2020 e 2021 de cara a garantir a súa

continuidade. Comunidades veciñas como Castela e León xa o fixeron, destinando 56 millóns de euros para cubrir estas dúas anualidades; mentres que a

Xunta aínda non se pronunciou, creándose unha grande incerteza no sector e corréndose o risco de perder estas subvencións que ascenden, de media, a uns 4.000 euros por granxa.

Estas axudas supoñen un pulo importante para a economía das granxas que practican modelos máis sustentables de produción, especialmente no sector de vacún de carne, dados os baixos prezos que perciben polas súas producións. Ademais, as axudas agroambientais garanten prácticas agronómicas respectuosas co medio ambiente, o mantemento de zonas desfavorecidas de montaña, a xestión sustentable do territorio, a loita preventiva contra os lumes forestais en zonas de alta actividade incendiaria ou efectos paliativos contra o cambio climático.

Por outra banda, outra das cuestións que levou a secretaria xeral do SLG ao Consello Agrario foi a dos atrasos que se están a producir no cobro de subvencións relacionadas co agro, como as axudas a pequenas explotacións. Estamos a falar de subvencións correspondentes ao ano 2016 e de importes aprobados en xaneiro de 2017; transcorridos os 18 meses de prazo para xustificar en xuño de 2018, momento no que xa se podían cobrar, as granxas beneficiarias seguían sen ver un céntimo e acumulaban un ano de atrasos no cobro. E iso a pesares de ter realizado os investimentos aprobados e de vencer o prazo de carencia acordado coas entidades bancarias que adiantaron o capital para investir nas melloras, o cal está a xerar serios problemas económicos e de liquidez para moitas granxas.

Para o SLG, estes atrasos débense ao desmantelamento da rede de oficinas agrarias comarcais e do cadro de persoal da Consellaría de Medio Rural. Nestas axudas, as per-

Atrasos nas axudas a pequenas granxas pola falla de persoal nas oficinas agrarias comarcais

soas beneficiarias teñen 9 meses para solicitar o primeiro tramo (60% de 15.000 € no caso de pequenas explotacións) e outros 9 para a xustificación final. O pago do último tramo de axudas está condicionado á “*comprobación da correcta execución do plan empresarial*” por parte de funcionarios e funcionarias da Consellaría de Medio Rural, que son quen certifican que se cumpren os compromisos e fan a proposta de pago. O problema é que, debido aos recortes no cadro de persoal da Consellaría, os funcionarios e funcionarias que quedan non dan abasto para facer estas comprobacións.

✓ Prazos imposibles para as licenzas

Ademais, na convocatoria destas axudas en 2019, que están actualmente en vigor, hai

serias eivas á hora de cumprir os requisitos esixidos, como poñer como prazo límite o 15 de setembro para presentar as licenzas municipais das obras subvencionadas, algo imposible de cumprir habida conta de que a

lentitude burocrática no meirande dos concellos galegos verase agravada, coma sempre, polas vacacións estivais e, este ano en concreto, polos diversos cambios de goberno tralas eleccións municipais.

Respecto disto, cómpre salientar que a Consellaría de Medio Rural xa é coñecedora deste problema porque nas últimas tres convocatorias puxo o mesmo prazo e sempre tiveron que acabar ampliándoo, consciente de que é imposible de cumprir. Sería moito máis viable que este requisito se esixise no momento de certificación dos investimentos, dando tempo suficiente á concesión da licenza.

Isabel Vilalba tamén denunciou este problema no Consello Agrario e pediu solucións para que non siga a repetirse ano tras ano.



MEDIO AMBIENTE ▶ Protestan contra a prórroga de sesenta anos concedida polo Goberno de Mariano Rajoy

Máis de 10.000 persoas esixen a ENCE que marche da ría de Pontevedra

A celulosa quixo boicotear a marcha utilizando a súa megafonía a todo volume para enxordecer ás manifestantes

Un ano máis, dúas columnas multitudinarias partiron de Marín e Pontevedra para confluír na factoría de ENCE en Lourizán e expresar o seu rexeitamento a que siga contaminando a comarca e a ría. Foi o 16 de xuño e, segundo varios medios de comunicación, convocou ao redor de 10.000 persoas.

A marcha foi organizada pola Asociación pola Defensa da Ría (APDR) e nela volveuse denunciar a prórroga ilegal de sesenta anos concedida polo goberno de Mariano Rajoy á actividade de ENCE. Contra esa prórroga recorreron diante da Audiencia Nacional tanto a APDR, como Greenpeace ou o Concello de Pontevedra, recurso ante o que Costas e a Avogacía do Estado decidiron non defenderse.

De feito, no último ano o valor de ENCE caeu en picado

na bolsa, pasando as súas accións dun valor de 8,85 € en outubro de 2018 a 3,74 € na última sesión bursátil antes da marcha.

A lectura final do manifesto non estivo exenta de polémica, xa que a megafonía de ENCE funcionou a todo volume con publicidade da compañía -co himno galego como música de fondo- para tentar evitar que se escoitasen as proclamas da manifestación. Nun comunicado posterior, a APDR cualificou esta actitude como “*anti-democrática*” pois “*atenta contra o dereito da poboación a manifestarse pacificamente pero, ao tempo, é unha actitude que raia no pueril e que responde sen dúbida á asunción da evidencia de que ENCE non pode continuar en Lourizán*”.

Tanto esta marcha como o manifesto da mesma foron expresamente apoiadas por máis de dúascentas organizacións e colectivos entre as que se atopaba o Sindicato Labrego Galego. Se queredes ver o manifesto que asinamos, podedes velo en:

bit.ly/manifestoAPDR19

DESENVOLVEMENTO RURAL ▶ En ambos proxectos hai afiliados e afiliadas do Sindicato Labrego Galego

A Pementeira e Amarelante galardoadas cos premios Agader 2019

Levaron os premios dos sectores agrogandeiros e de loita contra o abandono rural e a prol da mobilidade de terras


A décima edición dos premios da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) recaeron en proxectos desenvolvidos por afiliados e afiliadas do Sindicato Labrego Galego como Amarelante (premio de loita contra o abandono e a prol da mobilidade de terras) ou a SAT Pementeira (premio dos sectores agrogandeiros). Ademais destes dous, houbo outros seis galardoados que recibirán 10.000 € cada un para reinvestir en melloras na súa actividade.

A SAT Pementeira é unha sociedade con domicilio en Padrón e que está especializada no cultivo de pementos baixo o paraugas da DOP Pemento de Herbón, que tamén envasa e co-

mercializa baixo marca propia, amais de facer produtos elaborados como marmelada ou bombóns de pemento.

Pola súa banda, Amarelante, como xa temos dado conta en Fouces pasados (ver páxinas 8 e 28 do Fouce 314), é unha cooperativa de Manzaneda especializada en sacarlle proveito a soutos centenarios que xa estaban en estado de abandono até que comezaron a xestionalos de novo para apanhar castaña e vendela en fresco, seca ou en derivados como fariña.

Os outros premiados foron a Fundación Eduardo Pondal de Ponteceso (proxectos culturais e recuperación patrimonial do medio rural), a granxa escola musical Corazón de Carballo de Tomiño (mocidade), a Asociación Carabelo de Lalín (interese social), o GDR Ribeira Sacra-Courel (turismo), Polyesteres Bidasoa de Marín (mulleres) e Gráficas Salnés de Cambados (innovación tecnolóxica).



Traballadoras de Amarelante nunha imaxe de Natalia Nogueira

DEREITOS LABREGOS ▶ A Organización das Nacións Unidas (ONU) desenvolverá entre 2019 e 2028 estratexias para consolidar e reforzar a actividade das granxas labregas

Un Decenio da Agricultura Familiar para garantir a soberanía alimentaria no mundo

A intención é reforzar unha actividade económica responsábel do 80% da produción de alimentos a nivel mundial

O 20 de decembro de 2017, a Asemblea Xeral da ONU declaraba 2019-2028 como o Decenio da Agricultura Familiar. Máis recentemente, o 29 de maio, a Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO) e o Fondo Internacional de Desenvolvemento Agrícola (FIDA) expuxeron o Plan de Acción Mundial para levar esta empresa a cabo. Neste acto inaugural celebrado en Roma, ao que asistiron máis de 300 representantes de diversos países e entidades labregas, participou tamén La Vía Campesina.

As granxas familiares representan máis do 90% de todas as explotacións agrícolas do planeta e producen o 80% dos alimentos do mundo en termos de valor. Para a ONU, *“son os principais impulsores do desenvolvemento sostible, incluíndo a erradicación da fame e todas as formas de malnutrición”*.

Dáse o paradoxo de que, a pesares de producir a maior parte dos alimentos, as familias labregas deben facer fronte á pobreza, sobre todo nos países empobrecidos. Estas familias enfróntanse a desafíos, xa que carecen de acceso a recursos e servizos para apoiar a produción e comercialización de alimentos; porque as súas infraestruturas non son axeitadas; porque non se lles escoita nos procesos políticos; e porque as condicións ambientais e climáticas das que dependen atópanse ameazadas.

Polo xeral, as mulleres labregas enfróntanse aínda a maiores limitacións, vulnerabilidade que



O 29 de maio presentouse o Decenio da Agricultura Familiar na sede da FAO en Roma nun acto no que tamén participou La Vía Campesina. No centro da imaxe e en primeiro plano, con traxe vermello, a súa coordinadora xeral, Elizabeth Mpofu

se estende á mocidade rural.

Precisamente, o Plan de Acción Mundial do Decenio da Agricultura Familiar da ONU pretende enfrontar este tipo de desafíos, implicando gobernos, organismos das Nacións Unidas, institucións financeiras internacionais, organizacións agrarias, institucións académicas e de investigación, organizacións da sociedade civil e tamén o sector privado, incluídas pequenas e medianas empresas. Estas medidas inclúen:

- ✓ Desenvolver normativas que apoién a agricultura familiar a nivel local, nacional e internacional.
- ✓ Apoiar á xente moza e ás mulleres das zonas rurais, permitindo-lles acceder aos activos produtivos, recursos naturais, información, educación e mercados.
- ✓ Fortalecer as organizacións agrarias.
- ✓ Mellorar os medios de subsistencia dos labregos e das labregas e reforzar a súa resi-

liencia fronte a múltiples perigos co acceso a servizos sociais e económicos básicos, así como promover a diversificación das producións para reducir os riscos e aumentar os beneficios económicos.

✓ Promover a sostibilidade da agricultura familiar para contar con sistemas alimentarios resilientes fronte ao cambio climático; e con acceso, xestión responsable e uso da terra, a auga e outros recursos.

A agricultura familiar en cifras

A ONU ofrece estes datos para ilustrar a importancia fundamental da agricultura familiar no mundo:

- ✓ Máis do 80% das granxas do mundo teñen menos de 2 hectáreas.
- ✓ As granxas familiares ocupan o 70-80% das terras agrícolas e producen máis do 80% dos alimentos do mundo en termos de valor.
- ✓ As mulleres supoñen case o 50% da man de obra agrícola, pero só posúen o 15% das terras agrarias.
- ✓ O 90% das persoas que viven da pesca fano a pequena escala e abranguen a metade da produción da pesca de captura nos países en desenvolvemento.
- ✓ Até 500 millóns de persoas dependen do pastoreo de gando para gañar a vida.
- ✓ A agricultura de montaña é en grande medida agricultura familiar. A agricultura familiar inclúe as comunidades forestais. Ao redor do 40% da poboación rural que vive na pobreza extrema reside en zonas forestais e de sabana.
- ✓ Os territorios indíxenas tradicionais abranguen un 22% da superficie terrestre e coinciden con áreas que atesouran o 80% da biodiversidade do planeta.

La Vía Campesina será un actor fundamental para levar a bo porto unha década de accións

Por parte de La Vía Campesina falaron Edgardo García e Elizabeth Mpofu. García aventurou que o Decenio da Agricultura Familiar ía ter dúas vías posibles: “*Podería reboar o campo, recuperar a terra, a biodiversidade e a xustiza; ou podería, como até agora, continuar coa miseria e o despoxo que levan ao amoreamento urbano. Para nós, o Decenio debe garantir as nosas demandas históricas expresadas nas directrices voluntarias sobre o goberno responsábel da tenza da terra e, sobre todo, na Declaración dos Dereitos Labregos*”.

Pola súa banda, a secretaria xeral de La Vía Campesina, Elizabeth Mpofu, invitou ás persoas e institucións asistentes “*a facerse responsables e levar a cabo esforzos concretos para dotar de recursos o Decenio da Agricultura Familiar. E isto só será posible se o Decenio pon no centro as necesidades dos labregos e das labregas, das comunidades indíxenas e das familias campesiñas fronte ás prioridades institucionais. Isto só será posible con fondas transformacións estruturais, incluída a transición cara a agroecoloxía; unha verdadeira reforma agraria; ou a defensa, protección e conservación dos territorios -terra, océanos, sementes, bosques, etc.- baixo o control dos labregos e das labregas, dos pescadores e das pescadoras e outras comunidades rurais*”.



Edgardo García, do Comité de Coordinación Internacional de La Vía Campesina, tamén falou no acto da FAO en Roma



As minas de Touro e San Finx supoñen unha grave ameaza para a Ría de Arousa, tal e como se denunciou nesta acción a bordo do veleiro de Ecoloxistas en Acción, na que participou a nosa compañeira Margarida Prieto Ledo o 9 de xullo

MINARÍA ▶ O estudo redactado polo profesor xubilado Felipe Macías e o seu equipo está cheo de graves manipulacións e extensos plaxios

Desmontan o informe que avala a explotación da mina de San Finx

Dende ContraMINAcción pediuse á Universidade de Santiago que se lle retire a condición de profesor emérito ao autor do texto

Este verán coñecéronse dous informes científicos que desmontaron os argumentos da empresa Sacyr, que mantén que a explotación mineira de San Finx, en Lousame, non ten impacto medioambiental. A postura da empresa baséase nun suposto estudo redactado polo profesor xubilado Felipe Macías Vázquez, o fillo deste, Felipe Macías García, e outros colaboradores, e está repleto de plaxios de traballos doutros autores, que se manipulan sen pudor, e mesmo parágrafos enteiros copiados sen citación de blogs anónimos de Internet.

Dous informes de réplica encomendados pola Alcaldía do Concello de Muros e a Asociación Verdegala, e que agora se fan públicos, puxeron en evidencia os extensos plaxios, carencia absoluta de metodoloxía e graves manipulacións de

datos no informe entregado á empresa por Felipe Macías. Entre os textos plaxiados encóntrase un blog anónimo de Internet e un traballo presentado polo que foi director da mina nun congreso da Universidade Politécnica de Madrid.

Esta análise foi corroborada sobre o terreo polo profesor Steven H. Emerman, que visitou Galiza para impartir un seminario formativo organizado

por ContraMINAcción no local nacional do Sindicato Labrego Galego. Emerman é un recoñecido consultor internacional en hidroloxía e especialista na avaliación da afectación ambiental das explotacións mineiras. Ademais, é doutor en Xeofísica pola Universidade de Cornell, máster en Xeofísica pola Universidade de Princeton e licenciado en Matemáticas pola Universidade de Ohio.

Pedimos a retirada do título de profesor emérito a Macías

Un primeiro informe de réplica realizado por sete técnicos, incluíndo o doutor en Xeofísica Steven H. Emerman, desmontou a tese dun suposto fondo natural de metais explicando os impactos actuais da minería. Un segundo informe de réplica, realizado polo doutor en Arqueoloxía e Historia Antiga André Pena, ocupouse de mostrar non só a burla que representan os argumentos “históricos” presentados por Macías, senón o modo en que estes foron abertamente plaxiados de distintas fontes.

A gravidade dos feitos, non só desde o punto de vista da ética científica, senón tamén pola gravidade das implicacións ambientais e penais que suporía aceptar as teses deitadas por Macías, fixo que os colectivos de ContraMINAcción demandásemos da Universidade de Santiago a retirada da condición de profesor emérito a Felipe Macías.

FORMACIÓN ▶ Consolídase unha forma activa de tecer redes de apoio a persoas que se inician na agricultura

Allariz e Chantada dan continuidade ás Xornadas de Granxas Abertas

Visitáronse Casa do Neiro, Adegas Diego de Lemos, Cooperativa Tres Fuciños, Fóra do Linde, Iago Vilar e o proxecto Mimá

Dende o último Fouce publicado, a mocidade do Sindicato Labrego Galego volveu organizar dúas novas xornadas de Granxas Abertas. A intención desta actividade é poñer en contacto labregos e labregas con experiencia e proxectos agroecolóxicos ben desenvolvidos con persoas que están comezando na profesión ou que se queren labrar un futuro nela.

Así, a segunda Xornada de Granxas Abertas fíxose por terras de **Chantada** (Lugo) o 14 de maio. Alí, visitamos a Vitor en **Casa do Neiro** (ver Fouce 322, páxinas 8 e 9); a Esther na **Adegas Diego de Lemos** (ver Fouce 325, contraportada); e a Antón e Isabel, na parroquia de Castro (Carballedo), onde nos

ensinaron como crían porcos de raza Celta con métodos ecolóxicos e nos falaban do proxecto cooperativo **Tres Fuciños**.

Un mes despois, o 18 de xuño, tiveron lugar as terceiras Xornadas de Granxas Abertas en **Allariz** (Ourense). Tamén aquí se visitaron tres iniciativas. A primeira delas foi **Fóra do Linde**, un proxecto agroecolóxico de horta que conta con 2.000 metros en invernadoiro e 4.000 no exterior. De seguido, **Iago Vilar** explicounos o funcionamento da súa granxa, con 24 reses de raza cachena e 40 colmeas, xestionando 50 hectáreas de touza e monte. Iago apostou pola venda directa en lotes de carne de 10 quilos. Finalmente, xa pola tarde, visitamos o **proxecto Mimá**, que rexentan María Xosé e Miguel: agroecoloxía multifuncional, centrada na produción de hortalizas e mel, que apostou pola venda directa e a tracción animal (ver Fouce 317, páxina 5).



As Xornadas de Granxas Abertas viaxaron desta vez a Chantada (arriba), onde se fixo un alto no camiño para xantar no Cinema Palleiriso; e a Allariz (abaixo), onde se visitaron as leiras traballadas polo proxecto Fóra do Linde



III FESTIVAL SON LABREGO

21 setembro 2019

na Chave das Noces

Montecubeiro

Castroverde



**sindicato
labrego galego**
comisións labregas

Colaboran:



Concello de
Castroverde



IGUALDADE ▶ Naceu en 2014 pero non se convoca coa regularidade necesaria para ter un funcionamento efectivo

O Consello Galego das Mulleres segue sen cumprir os seus obxectivos

Nos seus cinco anos de vida non fixo nada en cuestións fundamentais como a aplicación da Lei de Titularidade Compartida

O Consello Galego das Mulleres (CGM) constituíuse en marzo de 2014. É un órgano de carácter consultivo, de participación efectiva de mulleres para asesorar en materia de políticas de igualdade e, sobre todo, para traballar na prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Entre os seus principios está o de favorecer a participación das mulleres, a través de asociacións e entidades, para deseñar ditas políticas de fomento de igualdade e de loita contra a discriminación e erradicación da violencia de xénero, principalmente.

Dende que se creou o Consello Galego das Mulleres, a Asociación Labregas vén participando nel. En base a estes anos de experiencia, cómpre dicir que o CGM non se reúne coa suficiente continuidade como para dar seguimento aos temas que son da súa competencia, nin para que as asociacións que formamos parte del poidamos levar as nosas preocupacións. Por este motivo, non podemos compartir a información que recompilamos no día a día. As asociacións e colectivos como Labregas, que estamos no CGM, somos as axentes que mantemos un contacto directo coas mulleres, coa súas situacións particulares en todo o territorio, coa súa realidade en canto á calidade ou existencia dos servizos públicos e o seu acceso e, sobre todo, en torno a todas as formas de violencia que podemos sufrir.

Para a Asociación Labregas hai dous temas fundamentais de traballo no día a día:

1. O acceso aos servizos públicos no rural que, dende hai anos, son cada vez máis escasos, tal e como denunciámos decotío. Esta deficiencia de servizos tradúcese en que os recursos que se dedican a erradicar a violencia de xénero con políticas de igualdade son insuficientes, en que diminúe a calidade, cando non desaparece, a asistencia sanitaria ou a educación porque só priman os intereses económicos, baremados en torno o número de persoas que acceden a estes recursos.

2. A Lei de Titularidade Compartida. Cómpre lembrar que se trata dunha lei aprobada en 2011. Porén, a pesares de que xa pasaron máis de sete anos dende a súa saída á luz, só



Ana Eiras, técnica que coordina a área de Mulleres no SLG, en primeiro plano á esquerda, participa no CGM en representación da Asociación Labregas

se tramitaron 603 titularidades compartidas en todo o Estado, das cales 18 foron na Galiza. Se pensamos en que as previsións iniciais apuntaba a que, só na nosa terra, había máis de 30.000 posibles beneficiarias, o fracaso da súa aplicación é patente. Todas estas mulleres seguen, hoxe en día, a estar completamente invisibilizadas na súa consideración como simple "axuda familiar".

Para a Asociación Labregas, o Consello Galego das Mulleres podería ter feito unha aposta moito máis decidida por favorecer a aplicación desta lei para sacar da invisibilidade a miles de mulleres labregas, promovendo un traballo directo con todos os órganos da Consellaría de Medio Rural que nel participan, pero seguimos agardando sen que nada se faga ao respecto.

Xornadas de traballo para o liderado persoal e asociativo de mulleres no medio rural

ENTRENAMENTO PARA O APODERAMENTO

POR SOLIDARIDADE
OUTROS FINES DE INTERÉS SOCIAL

Accidente de traballo: Que é? Que implica?

Accidente de traballo é aquel dano ou lesión sufrido como consecuencia directa do traballo (exemplo: caída na sala de muxido, cabezada dunha ovella, sobreesforzo apañando leitugas, etc.).

Desde o 26 de outubro de 2017 tamén se considera accidente de traballo o sufrido ao ir ou volver do lugar de realización da actividade (sempre que non coincida co domicilio).

O desprazamento durante a xornada de traballo, sempre que se demostre que é debido á actividade, é accidente de traballo (exemplo: ir arar unha terra, sega de herba para silo, etc.).

Se temos un accidente de traballo, debemos acudir ao hospital ou ao centro asistencial da mutua máis preto, dependendo da gravidade. No caso dun accidente leve é importante acudir



tamén aos servizos médicos, pois pode derivar nun dano ou lesión máis grave.

Se a asistencia médica é hospitalaria e non hai ingreso, débese acudir á mutua canto antes, xa que é quen emitira a baixa médica, debendo

levar copia dos informes médicos. A baixa médica por accidente de traballo sempre a emite a mutua.

Se o accidente é **con baixa médica** hai un prazo de cinco días hábiles desde a data da baixa para tramitar telematicamente (Sistema Delta) a declaración do accidente.

Se é un **accidente sen baixa médica**, a tramitación telemática hai que facela nos cinco primeiros días hábiles do mes seguinte ao accidente.

En calquera dos dous casos sinalados anteriormente, se recibimos atención médica no centro de saúde ou no hospital, o Sergas vai pedir unha copia da declaración tramitada por Internet, tanto se hai baixa médica como se foi un accidente sen baixa.

Enfermidade profesional: Que é? Que implica?

Enfermidade profesional é aquela que foi contraída a consecuencia do traballo por conta propia nas actividades realizadas ou derivadas pola acción dos elementos e substancias especificadas no cadro de enfermidades profesionais (real decreto 1299 / 2006) ou debida a

enfermidades que non estean aínda incluídas no cadro pero que si se derivan da realización do traballo, polo que poderían ser incluídas nel. No caso de ter unha doenza que deriva do traballo que realizamos, hai que dicirlllo ao persoal que nos atende no centro de saúde, solicitar re-

coñecemento médico nos servizos médicos do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, achegarnos aos servizos médicos da mutua coa cal temos as continxencias de incapacidade temporal / accidente de traballo-enfermidade profesional.

Tramitación da prestación por incapacidade temporal

Unha vez que xa temos o parte de baixa médica, contamos con 15 días naturais para comunicar como queda a nosa actividade, se cesamos durante o período que dure a baixa médica ou que persoa queda a cargo.

Documentación a presentar:

- ✓ Solicitude de prestación (cada entidade ten os seus modelos).
- ✓ Fotocopia dos tres últimos recibos da Seguridade Social.
- ✓ Fotocopia do DNI.
- ✓ Certificado da conta bancaria.
- ✓ Levar sempre toda a documentación por duplicado, para quedarnos con copia selada.

Cantidades a percibir

En caso de accidente de traballo ou enfermidade profesional cobrase o 75 % da base reguladora diaria a partir do día seguinte á baixa médica.

Facendo os cálculos coa base mínima de cotización do ano 2019 (944,40 € mes e 31,48 € día), cobraríanse 23,61 € diarios.

En caso de enfermidade común ou accidente non laboral o cobro sería:

- ✓ Do 1º ao 3º día de baixa non se cobra.
- ✓ Do 4º día ao 20º, o 60 % da base reguladora diaria (18,88 €)
- ✓ Do 21º día en diante, o 75 % da base reguladora diaria (23,61 €)

Se é unha incapacidade temporal prolongada, pasados os 60 días de baixa o pago das cotas á Seguridade Social corresponderalle facelo á mutua. Isto é a deste ano 2019.

Duración da baixa

O tempo máximo que se pode estar de baixa médica son 365 días, que se pode ampliar 180 días máis se o decide a inspección médica. A partir do día 61º de baixa médica, a mutua está obrigada a asumir o pago da Seguridade Social da persoa en situación de incapacidade temporal (con cargo a cese de actividade). Non hai que solicitalo, aplícase de oficio.

Determinación da continxencia da incapacidade temporal

Se despois de ser atendida a persoa nos servizos médicos lle denegan a baixa por accidente de traballo por considerar que as circunstancias do accidente non se deben ao traballo e, polo tanto, é unha enfermidade común ou accidente non laboral, existe un prazo para impugnar esa resolución de dez días.

Impugnación da alta médica por accidente de traballo

Cando nos dan a alta médica, hai que revisar ben o motivo no que se basea. Se pon "curación" xa é motivo suficiente para impugnar esa alta. Se non estamos conformes con ela, hai un prazo de dez días para impugnala.

Prazo para cambiar de mutua

As persoas que queiran cambiar de mutua teñen de prazo até antes do 30 de setembro de cada ano. O cambio farase efectivo o 1 de xaneiro do ano seguinte. Cando escollamos mutua, debemos comprobar cales temos preto da casa con servizos médicos propios, xa que de ter só servizo administrativo teríamos que desprazarnos para as revisións médicas para as que nos citen e ás que temos obriga de acudir ao lugar onde teñan os servizos médicos, moitas deles só na capitalidade da provincia.

Prazo para deixar ou comezar a pagar con dereito a incapacidade temporal / accidente de traballo

Até o 30 de setembro de 2019. Entraría en vigor o 1 de xaneiro de 2020.

Prazo para renunciar ao cese de actividade (para persoas autónomas agrarias).

Até o 30 de setembro de 2019. Entraría en vigor o 1 de xaneiro de 2020.

Prazo para incrementar ou baixar a base de cotización

Até 31 de marzo, entra en vigor 1 de abril. Até 30 de xuño, entra en vigor o 1 de xullo. Até o 30 de setembro, entraría en vigor o 1 de setembro.

Até o 31 de decembro, entraría en vigor o 1 de xaneiro do ano seguinte.

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

-Citroën Xsara HDI 90 CV con 180.000 km
☎ 659 993 345 (Carlos)

Véndese

-Silo de 5.000 kg. dividido. Leva moito tempo parado. Os tubos teñen un anaco podre. 400 €
-Poldro para mirar os pés, con cintas. en perfecto estado. 300€
-Depósito de gasóleo de 1.000 litros. 50 €
-Plataforma para coches. 800€
☎ 667 925 467 (Verónica)

Véndese

-Tanque de frío marca ALFA LAVAL para 430 litros e catro muxiduras.
-Rolos de silo desta campaña.
-Segadora de man marca ALFA, modelo A-100
☎ 689 601 768 (Emilio). Chamar a partir das 15:00 h.

Véndese

-Plastificadora.
-Rotativa.
-Empacadora.
-Tanque de leite de 1.000 l.
-Remolque.
-Batedor de xurros. e un
-Circuíto de muxido de catro puntos.
☎ 669 836 716

Véndese

-Castrón adulto (2 anos) para recría. Saneado. Criado en liberdade con pasto natural.
Na zona de Corme (Pontececeo).
☎ 659 932 481

Véndese

-Rotativa 180 Morra
-Autocargador Deutz Fahr K560.
En Oroso
☎ 627 936 604

Véndese

-Máquinas de limpar.
-Muíño eléctrico.
No Corgo (Lugo).
☎ 648 718 864 (Manuel)

Véndese

-Herba seca en rolos.
-Alpacas pequenas.
☎ 619 267 520

Véndese

-Boi de 4 anos, grande e manso. A 8 km de As Pontes.
☎ 600 830 624

Véndese

-Vacas frisoas por peche de explotación. Boa xenética e boa produción.
☎ 722 763 880

Véndese

-Empacadora Massey Ferguson 124E.
☎ 629 851 614

Véndese

-Pequeno rabaño de ovellas do país e cabalo. En Tordoia
☎ 634 627 875

Véndese

-Enroladora barata.
-Silo de herba.
☎ 981 446 501 e 644 791 378

Véndese

-Becerras Limousin, en Lugo.
☎ 685 884 257

Véndese

-Arado de dous regos en bo estado.
-Sementadora de millo.
Na zona de Boqueixón.
☎ 636 154 316 (Manuel)

Véndese

-Sementadora de millo Monosem, modelo PNU, pneumática, de 4 regos con aboadores incorporados. En bo uso.
-Remolque agrícola, con volante e freo hidráulico. Medidas da caixa: 1'70 x 3 metros
☎ 982 170 040 / 646 417 298

Véndese

-Motocultor con fresa e arado seminovos, practicamente sen uso. Marca Roteco.
☎ 634 409 255

Véndese / Alúgase

-Granxa avícola a 27 Km de Compostela. 1.200 m², con capacidade de ata 18.000 polos. Dispón tamén de finca anexa.
☎ 634 409 255

Véndese

-Bolos de silo (50 unidades).
-Moega de penso de 5.000 quilos.
-Autocargador rotativo, con documentación e en bo estado.
☎ 660 515 344

Véndese

-Cisterna de 8.000 litros con brazo de carga e cualleras.
☎ 630 173 463 (Alberto).

Véndese

-Desensiladora de poldro, seminova, prezo a convir. Na zona de Meira.
☎ 982 330 623 (Manuel)

Véndese

-Angazo estendedor Pottinger 520.
-Circuíto de muxido Gascoigne de 5 puntos.
-Tanque de leite de 650 litros, monofásico para 2 muxidos.
-Calleiros mod. carrete.
-Elevador vacún.
-Estendedor de silo.
En Guntín (Lugo). Por cese de actividade. Preguntar por Xosé.
☎ 982 320 206 / 686 811 992

Véndese

-Herba seca (50 rolos).
En Santa Cristina, Cospeito.
☎ 982 505 755

Véndese

-2 becerros macho de raza Limousin, para reprodutores. Fillos de vacas importadas de Francia con carta e de Dixeder.
☎ 606 739 438

Véndese

-Autocargador rotativo marca Bonino 40.
-Autocargador Magal de 7 coitelas.
En Monfero.
☎ 626 194 490 (Paco)

Véndese

-Autocargador Campeva 22 m3. Apertura manual, rodas novas. Moi bo estado.
-Rotativa 1,85 m. Impecable.
-Enrrocadeiro 3 m. de traballo.
-Estendedeiro, tamén enrrocado. 2.40 m. de traballo.
-25 rolos de herba seca.
-Cisterna de 3.000 litros.
-Batedor de xurros.
Todo en moi bo estado. Véndese por xubilación. Chamar ao mediodía ou pola noite.
☎ 618 153 981 (Luís)

Véndese

-Vacas do país. Na zona de Melide.
☎ 604 004 841

Véndese

-Material de cunicultura: xaulas, cunas, 2 silos de 10.000 kg, 1 silo de 5.000 kg.
☎ 629 313 278

Véndese

-Autocargador con rotativa Morra.
-Rotovator de 1,50 m.
-Apañadora de patacas.
-Silo de herba.
☎ 981 446 501 (Rosa María)

Véndese

-Rolos de herba seca grandes n'O Corgo (Lugo).
☎ 659 341 116 (Luis)

Véndese

-Tractor Ebro 8135, dobre tracción, 131 CV, con anclaxe de pa. ITV ao día
-Autocargador Compar con documentación, picú e freo hidráulicos.
☎ 686 596 260 (Ovidio)

Véndese

-Tractor de dobre tracción, 85 cv, con 6.200 horas de traballo.
-Rotativa de 1.85m. 1.000 €
-Segadora BCS, con documentación. 800 €
-Furgoneta Citroën Jumpy, ano 2008. 3.000 €
☎ 667 469 962

Véndese

-Tractor marca Pasquali e apeiros: fresa, grada, 2 arados e remolque.
-Apañadora de patacas de 1 rego.
-Desbrozadora de cadeas.
En Lugo.
☎ 690 774 565

Véndese

-Carro mesturador Cereijo 9 m
-Silo de penso de 5.000 litros.
-Termo de corrente para quentar a auga.
-Estendedor da herba do silo.
-Rolos de silo.
☎ 670 898 481

Véndese

-Remolque.
-Autocargador en bo estado.
-Touro Blonde e touro galego de 4 anos.
O Corgo
☎ 689 752 400 (Xosé)

Véndese

-Vaca galega de 2 anos, preñada de 5 meses.
En Aldixe (Abadín)
☎ 982 526 886

Véndese

-Prensa de queixo
-Autocargador-picador Mengele.
☎ 981 788 859 / 628 586 957

OUTROS

Regálase

-Silo metálico especial para serraduras. Na comarca do Deza.
☎ 620 262 786 (Pili)

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

Debido á escaseza de espazo nesta sección do Fouce, enumeramos a continuación novas liñas de axuda aínda en vigor coa data límite para solicitálas. Se queredes máis información de calquera delas, preguntade na vosa oficina de referencia do Sindicato Labrego Galego:

- ✓ Axudas para a **conciliación por maternidade ou paternidade** da persoa traballadora autónoma. Prazo: 30 de setembro.
- ✓ Axudas para a posta en marcha de **laboratorios cooperativos no rural**.

Axudas oficiais da Xunta en vigor

Para o Programa II desta subvención xa rematou o prazo. Segue vixente o Programa II até o 1 de outubro.

- ✓ Programa de fomento do parque de vivenda en **alugamento** do Plan estatal de vivenda 2018-2021. Prazo: 20 de agosto
- ✓ Programa de fomento de **vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade** do Plan estatal de vivenda 2018-2021. Prazo: 20 de

agosto.

- ✓ Axudas para a **adquisición de venda nos centros históricos**. Prazo: 31 de outubro.
- ✓ Axudas para áreas de **rehabilitación integral dos Camiños de Santiago** e do Parque Nacional das Illas Atlánticas. Prazo: 31 de outubro.
- ✓ Axudas para a **subministración de froitas frescas, castañas e leite** líquido de consumo ao alumnado de **centros**

escolares. Prazo: 20 de setembro.

- ✓ Axudas do programa Emega para o fomento do **emprendemento feminino**. Prazo: 6 de agosto.
- ✓ Programa do **bono das persoas autónomas**. Prazo: 3 de agosto.
- ✓ **Bono de alugueiro social** destinado ao alugamento de vivendas para as vítimas de **violencia de xénero**. Prazo: 13 de decembro

Ademais, publicouse no DOG que a **época de alto perigo de incendios** en 2019 abranguerá do 1 de xullo ao 30 de setembro.

O Sindicato Labrego Galego vén de crear un equipo multidisciplinar para apoiar os procesos de incorporación de xente nova á actividade agraria e poñer en marcha calquera proxecto que estea orientado cara a modelos de produción sostible. Para dar a coñecer esta iniciativa, dende o SLG fixemos a campaña de promoción “Incorpórate con nós”, coincidindo coa convocatoria de liñas de axuda oficiais como as de incorporación de xente nova, os plans de mellora ou o apoio a pequenas granxas.

O SLG crea un equipo multidisciplinar para apoiar as incorporacións ao agro

Se tes pensado incorporar-te á actividade agraria ou coñeces alguén que teña intención de facelo, dende o SLG estamos a ofrecer un apoio integral nos aspectos económicos, laborais, técnicos ou de comercialización do proxecto; ou en tarefas como a solicitude de subvencións, a tramitación de seguros agrarios ou a contabilidade.

Máis alá das obrigas burocráticas que require toda actividade agraria profesional, no Sindicato Labrego Galego somos moi conscientes da necesidade de reforzar o apoio humano e social que precisan os proxectos para darlle unha cobertura total. Por iso, tamén ofrecemos acompañamento, facilitando o contacto con iniciativas agrarias e gandeiras semellantes ao proxecto da persoa asesorada, de maneira que sexan outros mozos e outras mozas que xa deron o paso de incorporarse, quen podan aconsellar e resolver todas as dúbidas que se produzan ao longo do proceso.

Para isto último, o SLG puxo en marcha iniciativas como as “xornadas de granxas abertas”, que consisten en visitas regulares a comarcas para ver explotacións de diversos sectores produtivos e das que xa demos conta nos últimos Fouce; as “granxas amigas”, coas que as persoas interesadas poderán compartir impresións e experiencia con mozos e mozas que rexentan proxectos semellantes; ou, directamente, co grupo de Mocidade do SLG, onde se poden tecer redes con persoas de inquedanzas semellantes.



Programa de acompañamento integral para
persoas que queiran comezar unha
actividade agraria. +información:

connos@sindicatolabrego.gal / 981 554 147